

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de maio de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día quince de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(584).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 4 de maio e extraordinarias e urxentes do 4 e 6 de maio de 2015 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(585).- DAR CONTA DE SENTENZA, AUTOS E DECRETOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas remitidas polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a) Expte. 8976/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 30/15 P.A. Demandante: D. FRANCISCO JOSÉ VÁZQUEZ BLANCO. Obxecto: Inactividade a solicitude do 20.1.2014. Modelo de autoliquidación (taxas...guindastre) e solicitude de fraccionamento. Desestimado o recurso.

b) Expte. 8919/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 463/14 P.A. Demandante: D^a ALEXANDRA MOA RAMOS e outra. Obxecto: Resolución do 4.3.2015 (estimación e imputación á contratista), reclamación responsabilidade patrimonial (colector de RSU e automóbil o 21.3.2013). Desestimado o recurso.

c) Expte. 9045/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 65/2015 P.A. Demandante: ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. Obxecto: Desestimación “presunta” da solicitude de cancelación de aval. Contrato de obras. “Humanización” rúa Simón Bolívar, expediente 66/440. Estimado o recurso.

d) Expte. 9003/111, Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 60/2015 P.A. Demandante: D^a CARMEN MOURIÑO ESPERÓN. Obxecto: Resolución do 20.9.2013 (e 18-11-2014 en reposición). Reclamación responsabilidade patrimonial por caída na vía pública o 13.1.2011. Desestimado o recurso.

e) Expte.8630/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 123/2014 P.O. Demandante: D^a IRIA M^a ÁLVAREZ CANELLA. Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia do 23.5.2014) de reposición a XGL 5.12.2013, Bases específicas selección Auxiliares Administración Xeral. Desestimado o recurso.

2^a INSTANCIA. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 1^a, no recurso de Apelación nº 63/2015. Desestimada a apelación da actora.

f) Expte. 9001/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 58/2015 P.A. Demandante: PIGLEMFOR, S.L. Obxecto: Resolución do 28.11.2014. Proc. Sancionador por contaminación acústica, discoteca J. Loriga 3, baixo. Desestimado o recurso.

g) Expte. 9007/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 64/2015 P.A. Demandante: D. ANTONIO BLANCO ALONSO. Obxecto: Resolución 19.9.2014. Sanción de tráfico, estacionamento en carga e descarga. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(586).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE INTERVENCIÓN FAMILIAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 105871/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización e xurídico do 07 e 08/05/15, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do 20/04/15 da técnico medio dos servizos económicos, conformado polo xefe de área de

Benestar Social, pola concelleira-delegada de Políticas de Benestar e pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de xullo de 2012 adxudicou a CLECE, S.A o contrato dos servizos de intervención familiar (exped. 59058-301)

O prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, establece a procedencia da revisión de prezos transcrito un ano dende a data de adxudicación e recollera o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que remate o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.

En expediente 90178-301 aprobouse a primeira revisión de prezos (período xullo/2011-outubro/2013). O prezo do contrato trala revisión indicada quedou fixado en 511.004,76 euros

O índice de prezos do consumo no período outubro/2013-outubro/2014, experimentou unha variación do -0,1 % segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas bases, o incremento recollerá o 85% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no -0,09% sobre a cantidade a actualizar (511.004,76euros). que ascende a -459,90 euros.

O contrato para o período novembro/2014-outubro/2015 pasa a ter un importe de 510,544,86 euros.

Polo exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a actualización do prezo do contrato dos servizos de intervención familiar do concello de Vigo, a nome de CLECE,S.A., NIF A80364243 en -459,90 euros, correspondente ao 85% da variación negativa experimentada polo IPC nacional no período outubro 2013-outubro 2014, que se contabilizará na partida 2310.2260907 “Programa menores-convenio infancia”, todo elo en execución do prego de cláusulas que rexen o contrato.

O contrato para o período novembro/2014-outubro/2015 pasa a ter un importe de 510.544,86 euros.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(587).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DE D. FRANCISCO J. ESCUDERO GONZÁLEZ AO CURSO “OPTIMIZACIÓN DE HERRAMIENTAS ELECTRÓNICAS EN EL PUESTO DE TRABAJO” OS DÍAS DO 25 AO 29 DE MAIO NA SEDE DO INAP EN MADRID. EXPTE. 2262/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/05/15, dáse conta do informe-proposta do 22-04-15, do xefe do servizo de CEDRO, conformado pola concelleira de Políticas de Benestar e pola concelleira de Facenda que di o seguinte:

"O Auxiliar Administrativo adscrito a Unidade Asistencial CEDRO Francisco J. Escudero González, considera de grande importancia para actualizar a súa labor profesional a asistencia ó Curso: "Optimización de herramientas electrónicas en el puesto de trabajo"; Este curso terá lugar os vindeiros días 25,26,27,28 e 29 de maio do 2015 en Madrid na sede do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP).

Solicítase a asistencia ó mesmo e o financiamento dos gastos que ocasione ó funcionario que asina o presente informe.

Francisco Escudero González, DNI 53179670-J , nº persoal 80475

Os gastos que se prevén son os seguintes:

Desprazamentos (Vigo-Madrid-Vigo (605 km x 2 x 0,19 €)	229,99 €	3112.231.20.00
Tasas autoestrada (2 x 12,35 €)	24,70 €	3112.231.20.00
Desprazamentos (transporte público urbano Madrid)	25,00 €	3112.231.20.00
Dietas de Manutención (4 dietas completas 28,21x5).	141,05 €	3112.230.20.00

Total: 420,74€

En base ó anterior informe realízase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

1.- Autoriza-la asistencia do funcionario Francisco J. Escudero González ó curso "Optimización de herramientas electrónicas en el puesto de trabajo", que se vai celebrar os vindeiros días 25,26,27,28 e 29 de maio na na sede do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) en Madrid.

2.- Autorización para non asistir ó posto de traballo os días 25,26,27,28 e 29 de maio, facendo uso das horas para formación segundo o Acordo Regulador dos traballadores deste concello.

3.- Autoriza-lo uso do vehículo particular do funcionario para o desprazamento ó lugar de celebración do curso.

4.- Autoriza-lo gasto total en concepto de desprazamentos e manutención previsto para o mesmo, o cal se desglosa da seguinte forma:

Desprazamentos (Vigo-Madrid-Vigo (605 km x 2 x 0,19 €)	229,99 €	3112.231.20.00
Tasas autoestrada (2 x 12,35 €)	24,70 €	3112.231.20.00
Desprazamentos (transporte público urbano Madrid)	25,00 €	3112.231.20.00
Dietas de Manutención (5 dietas completas 28,21x5).	141,05 €	3112.230.20.00

Total: 420,74€"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(588).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO E INICIO DAS OBRAS DO “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO”, PRÓRROGA DO PRAZO CONTRACTUAL E SUBSTITUCIÓN DO SEU COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL. EXPTE. 1213/106.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro do 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de “ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO”. EXPTE. 1213/106.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO”, a favor da mercantil CIVISGLOBAL S.L., por un prezo total de 830.504,07 euros (IVE 21% engadido).

En base ao antedito acordo, con data 30/12/2014, na casa do Concello de Vigo formalizouse o contrato de obras coa mercantil adxudicataria do concurso, asinando por parte do Concello o Concelleiro-Delegado de Contratación e pola empresa o seu representante legal.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 16 de xaneiro do 2015, entre outros asuntos acordou nomear como Dirección Facultativa da obra para o Acondicionamento do Mercado do Progreso aos técnicos municipais: D. Juan Piñeiro Ferradás e D David Carvajal Rodríguez-Cadarso como Arquitectos, e D. Aurelio Adán Fernández como Aparellador. Na mesma sesión nomeouse a D^a. Cristina Hermida Trasancos, con DNI: 33.996.391-E, Enxeñeiro Técnico Forestal, colexiado nº 811 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, como Coordinador de Seguridade e Saúde da obra.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra “ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO”, e aceptar o Plan de Xestión de Residuos da devandita obra (Exp:1213-106).

*En data 26 de xaneiro do 2015 foi celebrado o acto para a sinatura do **Acta de Comprobación de Replanteo** da obra de ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO, participando a Dirección facultativa encomendada aos Arquitectos Municipais D. Juan Piñeiro Ferradás e D David Carvajal Rodríguez-Cadarso, a Dirección de execución encomendada ao Enxeñeiro da Edificación Municipal D. Aurelio Adán Fernández, a empresa adxudicataria CIVISGLOBAL S.L. representada po D. Carlos Paz Fernández, e o Responsable do Contrato D. Benjamín Collazo Rodríguez por parte do Concello de Vigo.*

En data 9 de abril de 2015 a Dirección facultativa informou da necesidade de suspender temporalmente e de xeito parcial a obra de acondicionamento do mercado do progreso, nas partes que dependen do acondicionamento dos postos de venda cuxa execución é responsabilidade e competencia dos propios comerciantes concesionarios de dominio no mercado. En base a ela, o día 10 de abril asinouuse o acta de suspensión temporal parcial da

obra polos directores facultativos D. *Juán Piñeiro Ferradás* e D. *David Carvajal Rodríguez-Cadarso*, a Dirección de execución D. *Aurelio Adán Fernández*, a empresa adxudicataria CIVISGLOBAL S.L. representada po D. *Carlos Paz Fernández*, e o Responsable do Contrato D. *Benjamín Collazo Rodríguez* por parte do Concello de Vigo.

En data 28 de abril do 2015 a instancias da empresa encargada da Coordinación en materia de Seguridade e saúde laboral APPLUS, asonouse o Acta de substitución do Coordinador de Seguridade e Saúde laboral na obra de Acondicionamento do Mercado do progreso, na que D. *Juán José Costas Fernández* DNI: 36093748-D, coa titulación de enxeñeiro técnico forestal, colexiado Nº 563 do Colexio oficial de enxeñeiros técnicos forestais de Galicia, substituíu a D^a *Cristina Hermida Trasancos*, nomeada para este traballo por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro do 2015.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 229 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en relación á comprobación do replanteo, indica que “A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, extendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.”

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, sobre a acta de comprobación do replanteo, establece no seu punto 3.) que “Un exemplar da acta se remitirá o órgano de contratación”.

O Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rexe o presente contrato e que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de novembro do 2014, recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo “O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.”

En base ao exposto, e unha vez asinada o Acta de comprobación do replanteo dentro do prazo máximo fixado, procede a remisión da mesma para dar conta á Xunta de Goberno Local, na sua calidade de órgano de contratación.

O artigo 213,2 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) baixo o epígrafe “resolución por demora e prórroga dos contratos” establece que “se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, e este ofrece cumprir os seus compromisos, dándolle o tempo que se tiña sinalado, concederase pola Administración un prazo que será, alomenos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor”.

Neste caso o contratista pide un prazo igual ao que perda ata que os comerciantes Concesionarios de dominio no mercado do Progreso rematen as súas obras, polo que cunpre coas condicións que establece o referido precepto legal, e a comptencia para autorizar a

prórroga solicitada corresponde ao órgano de Contratación deste Concello que é a Xunta de Goberno Local.

3.- Parte Expositiva:

*En relación co expediente 1213-106 "CONTRATO MAIOR DE OBRAS PARA O ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO", en data 26 de xaneiro do 2015 asinouse o **Acta de Comprobación de Replanteo** da obra por parte da Dirección Facultativa, por parte da Empresa adxudicataraia e polo Responsable do Contrato, coa que se deu inicio aos traballos a que se deberán culminar no prazo de tres meses que establece o contrato. Procede a remisión da mesma para dar conta á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación. Anexase copia dixital do acta ao expediente informático e un orixinal en formato papel ao expediente físico.*

En data 10 de abril do 2015 asinouse o Acta de suspensión temporal parcial da obra de acondicionamento do mercado do progreso de Vigo, rubricada pola dirección facultativa formada polos arquitectos municipais D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, a dirección de execución encomendada ao aparelador municipal D. Aurelio Adán Fernández, a empresa constructora CIVISGLOBAL representada por D. Carlos Paz Fernández, e o Responsable do Contrato D. Benjamín Collazo Rodríguez. Procede a remisión da mesma para dar conta á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación

A paralización baséase no informe de data 9 de abril que figura no expediente, no que a dirección facultativa xustifica que para executar certos traballos recollidos no proxecto, é necesario que os comerciantes titulares de concesións de dominio no mercado realicen traballos nos seus postos ubicados no interior do edificio, de xeito que se poda proceder ao traslado á súa ubicación definitiva dos postos provisionais que agora ocupan as instalacións a desmontar na zona exterior. No que respecta á obra municipal no interior do mercado está case rematada, restando unicamente por executar as partidas de acabado do pavimento de resina e instalacións de aparellos elevadores, xa que dada a súa condición de remate final e características mecánicas, deben ser realizadas ao final do proceso constructivo co fin de evitar deterioro prematuro ou danos.

Esta suspensión temporal parcial será polo tempo preciso para a realización das obras a executar polos comerciantes concesionarios de dominio nos seus postos definitivos. Cabe indicar a este respecto que dende a Concellería de Comercio xa se ller requeriú en repetidas ocasións aos Titulares para que procedan a realizar as obras referidas, sen que ata esta data se iniciasen os traballos.

En data 28 de abril do 2015 a instancias da empresa encargada da Coordinación en materia de Seguridade e saúde laboral APPLUS, asinouse o Acta de substitución do Coordinador de Seguridade e Saúde laboral na obra de Acondicionamento do Mercado do progreso, na que D. Juan José Costas Fernández DNI: 36093748-D, coa titulación de enxeñeiro técnico forestal, colexiado Nº 563 do Colexio oficial de enxeñeiros técnicos forestais de Galicia, substituíu a D^a Cristina Hermida Trasancos, nomeada para este traballo por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro do 2015.

Esta substitución non implica ningunha variación nas condicións contractuais que este Concello ten establecidas coa empresa APPLUS, nin entraña inconvinte no referente aos preceptos legais a cumprir en materia de prevención de riscos laborais na obra de referencia dado que o novo técnico ten idéntica titulación e colexiación que o anterior.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: tomar coñecemento do Acta de comprobación do replanteo da obra de Acondicionamento do mercado do Progreso, asinada o día 26 de xaneiro do 2015 por D. Juan Piñeiro Ferradás e D David Carvajal Rodríguez-Cadarso como Directores da obra, D. Aurelio Adán Fernández como Director de Execución, D. Carlos Paz Fernández en representación da empresa adxudicataria CIVISGLOBAL, S.L., e D. Benjamín Collazo Rodríguez como responsable do contrato.

Segundo: prorrogar o prazo contractual para a execución das obras de acondicionamento do mercado do progreso, adxudicadas á mercantil CIVISGLOBAL S.L., en data 30 de decembro do 2014, por un prazo de tempo igual ao que transcorra entre o 10 de abril do 2015, no que se asina o Acta de suspensión temporal parcial da obra, e o día no que os comerciantes titulares das concesións de dominio rematen os traballos de instalación dos seus propios postos no interior do mercado.

Terceiro: aprobar o nomeamento do técnico da empresa APPLUS D. Juan José Costas Fernández con DNI: 36093748-D, Enxeñeiro técnico forestal, colexiado Nº 563 do Colexio Oficial de Enxeñeiros técnicos forestais de Galicia, en substitución de D^a Cristina Hermida Trasancos, como Coordinador de Seguridade e Saúde da obra para o Acondicionamento do Mercado do Progreso.

Cuarto: o presente acordo notifíquese ao Servizo de Contratación, ao Servizo de Comercio e Mercados, ao contratista CIVISGLOBAL, S.L., e á empresa APPLUS. No caso destas últimas, ofreceránselle os recursos que legalmente procedan contra este acto.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONTRATACIÓN

6(589).- DENEGACIÓN DA SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES, PASOS INFERIORES E GALERÍAS DE SERVIZOS DA CIDADE. EXPTE. 15341/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/05/2015, da xefa do servizo de Contratación conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo (PCAP).*
-

ANTECEDENTES

D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, de 7 de maio de 2015, solicita “Que se renueven los plazos de presentación de propuestas o al menos se prorrogue el período mínimo marcado por la Ley de Contratos del Sector público par esta clase de procesos” no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de marzo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo prego de prescripcóns técnicas particulares de data 20 de xaneiro de 2015 e o seu anexo I “Inventario de instalacións” da mesma data e o seu anexo II “Estudio económico” de data 27 de febreiro de 2015 para a contratación do mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo, redactado polo xefe do servizo de Enerxía do Concello.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares de data 5 de marzo de 2015 e as FEC elaborados pola xefatura do servizo de Contratación do concello para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo

3º.- Autoriza-lo gasto por un importe máximo de 634.186,47 €. (seiscentos trinta e catro mil cento oitenta e seis euros con corenta e sete céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 1650.227.99.02 dos orzamentos municipais ou bolsa de vinculación, por considerar este servizo que non afecta ao normal desenvolvemento do mesmo, según o seguinte desglose:

Orzamento 2015: 369.942,11 € (IVE engadido)

Orzamento 2016: 264.244,36 € (IVE engadido)

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- Non consta acreditada no expediente a representación do solicitante en nome da mercantil TEVA, se ben, o ser este un defecto subsanable, segundo o artigo 32 da LRJAP, se presume que a ten e se opta por respostar a solicitude formulada en aras da economía procedimental e a eficiencia.

TEVA no seu escrito fundamenta a solicitude de ampliación de prazo nos seguintes feitos:

- Ata o día 28 de abril de 2015 non se publicou no perfil do contratante a relación de salarios do persoal adscrito na actualidade ó contrato.
- Que realizou a visita as instalacións cuxo mantemento é obxecto deste contrato en data 6 de maio de 2015.
-

Dado que o prazo de presentación de ofertas remataba o día 7 de maio do mesmo ano, considera que “con un prazo de sólo 24 horas resulta del todo imposible redactar una propuesta, adecuada, coherente y competitiva para cualquier clase de concurso, mucho menos para uno de la complejidad técnica del que nos ocupa”. Considerando “Que la situación descrita vulnera gravemente el principio de igualdad entre licitadores reivindicado como esencial en la Ley de Contratos del Sector Público, por cuanto que genera ventaja para el actual contratista de los servicios por su conocimiento desde el inicio de las informaciones:

- Masas salariales del personal adscrito.
- Especificaciones y detalles técnicos de las instalaciones objeto de mantenimiento
-

informaciones que a nosotros nos han sido reveladas en las fechas 28 de abril para el primer caso y 6 de mayo para el segundo”. Engade o solicitante que a situación descrita é incompatible co disposto nos artigos 143 e 158 da lei de contratos.

Terceiro.- En resposta as alegacións do solicitante compre manifestar que en cumprimento do disposto no artigo 142 do TRLCSP, a licitación foi publicada:

- No perfil do contratante: en data 24/03/2015
- No Diario Oficial da Unión Europea: en data 28/03/2015
- No Boletín Oficial do Estado: en data 13/04/2015
- No Diario Oficial de Galicia: en data 13/04/2015
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra: en data 06/04/2015

Dado que o artigo 14 do PPT prevé a posibilidade de que os licitadores poidan visitar as instalacións cuxo mantemento é obxecto do contrato, previa solicitude ó servizo xestor, no perfil do contratante, se anunciou, na data na que se publicou a licitación, 24 de marzo de 2015, un día de visita, o 14 de abril de 2015, para facilitar ós licitadores a visita sen necesidade de ter que formular a solicitude.

É dicir, que a licitación foi anunciada no perfil do contratante con 45 días de antelación a finalización do prazo de presentación de ofertas, constando no citado anuncio a data de visita das instalacións.

O solicitante visitou as instalacións en data 6 de maio porque non o solicitou antes, de feito non consta sequer que o solicitase. A única solicitude de visita das instalacións foi formulada por IMPARESA, S.L., en data 5 de maio de 2015 e, en atención a proximidade da finalización do prazo de presentación de ofertas, fixéuselle a visita ó día seguinte.

Con respecto ós salarios dos traballadores que actualmente prestan o servizo, no Anexo III do PCAP constan os seguintes datos, categoría profesional, epígrafe de cotización, tipo de contrato e a antigüidade do traballador. Consonte a doutrina dos tribunais administrativos de resolución de recursos contractuais, estes datos son suficientes para que unha empresa do sector, aplicando o convenio colectivo poida calcular os custes salariais. Establece ó respecto o Tribunal administrativo central de recursos contractuais, na súa resolución nº 20/2015 que “La información facilitada en el Anexo III del PCAP de los trabajadores a subrogar es la fecha de la

antigüedad del trabajador, el tipo de contrato y la categoría. Con esta información, estima el Tribunal que es suficiente para que el potencial licitador conozca sin más, el coste laboral de los trabajadores. Determinar el Convenio Colectivo en la ciudad de Vigo aplicable es una cuestión ajena a la información que debe facilitar el PCAP, y estar al alcance de las empresas participantes en el procedimiento de licitación por dedicarse ellas a la actividad material objeto de licitación". Se publicou a información relativa ós salarios brutos dos traballadores por telo solicitado por escrito a mercantil IMPARESA, S.L., en data 27 de abril de 2015, porque esta Administración considerou que deste modo se facilitaban as cousas ós futuros licitadores, pero non porque se estimase necesario para o calculo dos custes salariais. De feito, cando se publicou esta información, o procedemento levaba anunciado máis dun mes no perfil do contratante e non consta que ningunha outra solicitude de información.

Considera o solicitante que de non ampliarse os prazos se vulnerarían os artigos 143 e 158 do TRLCSP.

O artigo 143 do TRLCSP dispón que "Os órganos de contratación fixarán os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razonablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complejidad do contrato, e respectando, en todo caso, os prazos mínimos fixados nesta Lei". No entanto, no presente procedemento se respectaron os prazos legais de publicación dos anuncios no caso de procedementos armonizados.

O artigo 158 do TRLCSP di que "2. A información adicional que se solicite sobre os pregos e sobre a documentación complementaria deberá facilitarse, polo menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción de ofertas, sempre que a petición presentouse coa antelación que o órgano de contratación, atendidas as circunstancias do contrato e do procedemento, sinale nos pregos.

3. Cando, os pregos e a documentación ou a información complementaria, malia haberse solicitado ao seu debido tempo, non se proporcionaron nos prazos fixados ou cando as ofertas soamente poidan realizarse logo dunha visita sobre o terreo ou previa consulta «in situ» da documentación que se achegue ao prego, os prazos para a recepción de ofertas prorrogáranse de forma que todos os interesados afectados poidan ter coñecemento de toda a información necesaria para formular as ofertas".

No entanto, tal e como se ten manifestado, non consta ningunha solicitude do interesado nin de información sobre os custes salariais nin de visita as instalacións. E as solicitudes formuladas por IMPARESA de información de custes salariais e de visita, foron formuladas en datas 27 de abril e 5 de maio de 2015 respectivamente, e ambas obtiveron resposta a primeira o día seguinte ó da solicitude, o 28 de abril e a segunda no mesmo día para que o solicitante puidese visitala ó día seguinte. E en calquera caso, sería esta empresa a que solicitou extemporaneamente a información, pois é claro que se o prazo de presentación de ofertas remata o día 7, é imposible ensinar as instalacións seis días antes da finalización do mesmo, se a solicitude se formula so con dous días de antelación.

Non se vulneraron por tanto os preceptos legais citados por esta Administración. Máis ben, o contrario, ten sido dilixente na resposta ás solicitudes formuladas.

E unha ampliación do prazo de presentación de ofertas vulneraría o principio de igualdade consagrado no artigo 1 do TRLCSP ó premiar cun novo prazo a un presunto licitador menos dilixente que o resto, que non consta que haxan tido problemas nin para visitar as instalacións, nin para calcular os custes de persoal, pois as únicas solicitudes recibidas nesta Administración

dende a publicación do procedemento no perfil ata o remate do prazo de presentación de ofertas, foron as xa citadas de IMPARESA.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Denegar a solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas formulada por D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, de 7 de maio de 2015, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe”.

Con data 14/05/2015, a mesma xefa do servizo de contratación emite un novo informe de corrección de erros que di o seguinte:

“No informe-proposta remitido á a Xunta de Goberno para a resolución da solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneles, pasos inferiores e galerías de servizos da cidade de Vigo, se constataron dous erros que teñen que ser corrixido

No fundamento xurídico cuarto se esixen como previos ao acordo os informes da Asesoría Xurídica e da intervención municipais, cando non son preceptivos neste caso.

Na parte dispositiva do acordo se remite como motivación do mesmo ao disposto no fundamento xurídico cuarto do mesmo, cando esta motivación está no fundamento xurídico terceiro.

A vista das anteriores consideracións ditos apartados do informe-proposta quedarán redactados da forma seguinte:

“Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Denegar a solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas formulada por D. Raúl García Platas, en nome e representación da Sociedade TECNOLOGIAS VIALES APLICADAS, TEVA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, de 7 de maio de 2015, polas razóns expostas no fundamento xurídico terceiro deste informe”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe emitido en data 14/05/2015.

7(590).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A TEATRO ENSALLE S.L.L. PARA A ORGANIZACIÓN DA “PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, XANEIRO-ABRIL 2015”. EXPTE. 14986/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/04/15 e de fiscalización do 07/05/15, dáse conta do informe-proposta do 23/04/15, do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural, polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda que di o seguinte:

“Con data 16 de abril de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L. para a organización e realización da “Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015”, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

Teatro Ensalle conta cunha programación de carácter estable dende 2003 conformada pola xestión da programación da sala (aproximadamente 90 funcións anuais de Teatro e danza contemporánea profesional de procedencia local, rexional, estatal e internacional), programa compañías en residencia (Provisional Danza-Premio nacional de danza 2010- e Pisando Ovos), formación das artes escénicas, acolle a propia compañía de Teatro Ensalle (12 xiras nacional -400 funcións- e 11 xiras internacionais -100 funcións-) e organiza actualmente os seguintes festivais anuais, Isto Ferve (11 edicións), Catro Pezas (10 edicións) e Vigo en Bruto (5 edicións).

Teatro Ensalle é membro fundador da Rede Galega de Salas e forma parte da Coordinadora Estatal de Salas, presidindo esta entre 2011 e 2014. Os xerentes de Teatro Ensalle formaron parte do Consello Estatal das Artes Escénicas entre 2011 e 2014.

Teatro Ensalle Conta cunha Asociación de Amigos do teatro, composta actualmente por 45 socios.

Teatro Ensalle ten un equipo de traballo estable que xenera 4 postos indefinidos dende 2008. Por outra banda nos últimos 5 anos traballaron en Teatro Ensalle 220 artistas dados de alta 5 días cada un e 154 técnicos, igualmente dados de alta 5 días cada un, o cal supón un total de días de alta en cinco anos de 1828 días, unha media anual de 365,60 días de alta.

Datos económicos financeiros, balance, conta de resultados, variación nos dos últimos 5 anos, etc.

O presuposto executado nos últimos 5 anos acada a cifra total de 818.724,63 financiado nun 4,63 % con achegas do Concello de Vigo.

Na actualidade Teatro Ensalle está pagando un crédito de 20.000€ do Banco de Galicia, crédito que permite cadrar as contas.

Teatro Ensalle no 2014 programou na sala 86 días, realizou residencia de compañías 45 días e ofreceu dous cursos intensivos de Danza. Así mesmo a Compañía Teatro Ensalle realizou un total de 42 funcións, 9 en Vigo, 18 no resto de España e 15 en México. Nos últimos 5 anos a media de programación da sala e de 88 funcións anuais e 52 días de ensaio de compañías residentes.

Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015

XANEIRO

Días 23, 24 e 25 "La exiliada, la negra, la puta, el caracol y la mística". Cía. Periferias. Teatro de lo Inestable (Teatro) Valencia. ESTREA EN GALICIA.

Días 31 e 1 "Avestruz en terra allea". Cía. Berrobambán (Teatro) Galicia.

FEBREIRO

Días 13, 14 e 15 "En Blanco. Cía. Provisional Danza (Danza) Madrid.

MARZO

Días 5, 6, 7 e 8 "Las calles corrían por las calles". Cía. Teatro Ensalle (Teatro) Galicia.

Días 14 e 15 "A que non podes dicir cocacola?". Cía Teatro do Lume (Teatro) Galicia.

ABRIL

Días 10,11 e 12 "Trilogía del Viaje". Cía Teatro Ensalle (Teatro) Vigo.

Días 17, 18 e 19 "Soy una obstinada célula del corazón y no dejaré de contraerme hasta que memuera". Cía. Elena Córdoba (Danza) Madrid.

Días 24, 25 e 26 "Frágil!". Cía. Onírica mecánica (Teatro) Murcia.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 33.505,96€ (trinta e tres mil cincocentos cinco euros con noventa e seis céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 7.200 € do Concello de Vigo (21,49 %), de 4.000€ por billeteira (11,94%) e outros patrocinios Xunta (AGADIC) 6.250€ (18,65%), Ministerio de Cultura (Inaem) 10.566,67€ (31,54%), Aportación Empresa 5.489,29 € (16,38%).

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificación da conta bancaria

- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- *Certificación da axencia tributaria da exención do IVE*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Escrito de conformidade ao texto do convenio.*
- *Cronograma actualizado.*
- *Escrito de data 21 abril de 2015 remitido por TEATRO ENSALLE S.L.L. de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015 proposto polo Concello de Vigo.*

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., para a organización do programa "Programación de Teatro Ensalle, Segundo Trimestre 2014", obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Con relación á competencia municipal para proceder á concesión da subvención obxecto do Convenio, nos termos da Instrución 1/2014, en aplicación da Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro LRSAL:

A acción pública de fomento no ámbito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas promovidas pola entidade Teatro Ensalle SLL, encadrase dentro das competencias propias por razón de materia, determinada no art. 7 e 25.m da LRBRL (conforme nova redacción dada pola Lei 27/2013 LRSAL.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a TEATRO ENSALLE S.L.L. deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2015, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L. ten como obxecto financiar a organización do “Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015” e figura na partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á TEATRO ENSALLE S.L.L.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.200€ (sete mil douscentos euros) á TEATRO ENSALLE S.L.L., CIF. B36920247, para o financiamento da Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e TEATRO ENSALLE S.L.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, XANEIRO-ABRIL 2015 ”

En Vigo, 00 de abril de dous mil quince

REÚNENSE

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación da Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local

de 30 de xullo de 2014; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, o D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, na súa condición de administrador solidario da empresa Teatro Ensalle S.L.L. (CIF: B-36920247) , actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorga a escritura de constitución da sociedade outorgada ante o notario D. Miguel Lucas Sánchez, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Chile, 15 CP36202 da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural a “Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación teatral estable posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2015, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenía.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.200 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de 00 de ____ de 2015.

TERCEIRO.- A Empresa, é unha entidade inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, e tal e como establecen os seus estatutos ten como obxecto social “Sala de teatro e academia de ensino de teatro”.

CUARTO.- Que a EMPRESA ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión das artes escénicas en xeral, promovendo o evento “Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015” e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que a EMPRESA reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Así mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a EMPRESA para desenvolver o programa de actividades do "Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 33.505,96€ (trinta e tres mil cincocentos cinco euros con noventa e seis céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 7.200 € do Concello de Vigo (21,49 %), de 4.000€ por billeteira (11,94%) e outros patrocinios Xunta (AGADIC) 6.250€ (18,65%), Ministerio de Cultura (Inaem) 10.566,67€ (31,54%), achega da Empresa 5.489,29 € (16,38%).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Lugar: sala de Teatro Ensalle, r/. Chile, nº 15

"Programación de Teatro Ensalle, xaneiro-abril 2015":

XANEIRO

Días 23, 24 e 25 "La exiliada, la negra, la puta, el caracol y la mística". Cía. Periferias. Teatro de lo Inestable (Teatro) Valencia. ESTREA EN GALICIA.

Días 31 e 1 "Avestruz en terra allea". Cía. Berrobambán (Teatro) Galicia.

FEBREIRO

Días 13, 14 e 15 "En Blanco. Cía. Provisional Danza (Danza) Madrid.

MARZO

Días 5, 6, 7 e 8 "Las calles corrían por las calles". Cía. Teatro Ensalle (Teatro) Galicia.

Días 14 e 15 "A que non podes dicir cocacola?. Cía Teatro do Lume (Teatro) Galicia.

ABRIL

Días 10,11 e 12 "Trilogía del Viaje". Cía Teatro Ensalle (Teatro) Vigo.

Días 17, 18 e 19 "Soy una obstinada célula del corazón y no dejaré de contraerme hasta que me muera". Cía. Elena Córdoba (Danza) Madrid.

Días 24, 25 e 26 "Frágil!". Cía. Onírica mecánica (Teatro) Murcia.

CUARTA.- OBRIGAS DA EMPRESA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, baixo as ordenes de D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez que actuará como interlocutor fronte á Concellería.

A tal fin a EMPRESA designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. *Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
4. *Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
5. *Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
6. *Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.*
7. *A EMPRESA comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*
8. *A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
9. *A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

1. *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
2. *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas

actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA. - PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O CONCELLO xestionará o pagamento a EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

1. Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo de tres meses dende o remate da actividade, e en todo caso antes do **1 de outubro de 2015**.

2. Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

3. Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no período da programación que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á Empresa é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei

15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:
Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Empresa. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o CONCELLO, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2015, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área

O administrador solidario da Teatro Ensalle S.L.L.

ANEXO Iº

ORZAMENTO DA "PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, XANEIRO-ABRIL 2015"

PREVISIÓN DE GASTOS	
GASTO DIRECTO	
CACHET	8.353,72 €
NOMINAS Progr E MAQUET	4.776,46 €
NOMINAS TÉCNICO	4.776,46 €
NOMINAS PRENSA E COM	4.401,14 €
LOCAIS	1.708,50 €
PUBLICIDADE(Trimestral)	990,31 €
TOTAL DIRECTO	25.006,59 €
GASTO INDIRECTO	
NOMINAS PERS. SALA	3.413,05 €
XESTORÍA	912,32 €
PERTENZA REDE TEATROS	240,40 €
SUBMINISTROS	1.655,90 €
SEGUROS	408,31 €
TRIBUTOS(Trimestre)	1.706,22 €
GASTOS FINANCIEROS	163,17 €
TOTAL INDIRECTO	8.499,37 €
TOTAL GASTOS	33.505,96 €

PREVISIÓN DE INGRESOS		%
CONCELLO DE VIGO	7.200,00 €	21,49%
XUNTA DE GALICIA (AGADIC)	6.250,00 €	18,65%
MINISTERIO DE CULTURA (INAEM DANZA)	7.666,67 €	22,88%
MINISTERIO DE CULTURA (INAEM TEATRO)	2.900,00 €	8,66%
TAQUILLAS	4.000,00 €	11,94%
TEATRO ENSALLE	5.489,29 €	16,38%
TOTAL INGRESOS	33.505,96 €	100,00%

8(591).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 PARA A ORGANIZACIÓN DO "PROGRAMA 10º ANIVERSARIO, PRIMAVERA 2015". EXPTE. 14999/331.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 27/04/15 e de fiscalización do 11/05/15, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas conformado polo xefe de Promoción e Xestión Cultural, pola concelleira-delegada de área e pola concelleira-delegada de Facenda que di o seguinte:

“Con data 22 de abril de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430 para a organización e realización do “Programa 10º aniversario, primavera 2015”, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 foi creada o ano 2005, co a premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a a partir do 2008, abordar progresivamente un repertorio sinfónico. A Orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos do máis brillantes expoñentes da prolífica canteira musical que xera o Conservatorio Superior de Vigo, favorecendo a súa integración no ámbito profesional.

Na actualidade a seu elenco vai dende os 14 músicos da pequena orquestra de cámara necesaria para abordar o repertorio barroco ata os 55 que compón a formación sinfónica, segundo o repertorio a interpretar. A orquestra ten como director artístico a Javier Escobar e como director musical a Alejandro Garrido.

O seu funcionamento e organización baséase no sistema de encontros puntuais periódicos, executando cada proxecto de xeito individualizado; conquerindo un maior enfoque no programa ademais de permitir a incorporación puntual ao proxecto de músicos invitados procedentes doutros ámbitos adecuados ao mesmo; e con elo reducir os altos custos de mantemento dunha orquestra de carácter estable.

Conforme a documentación aportada pola entidade da súa traxectoria artística abrangue a execución de diversos concertos nas tempadas 2010, 2011, 2012 e 2013 no auditorio do Concello de Vigo, Circulo das Artes de Lugo, auditorio Martín Códax de Vigo, así como a execución de varios proxectos discográficos e gravacións xunto cos gañadores das tres últimas edicións do concurso de piano Ria de Vigo.

A Asociación Orquestra Vigo 430 está inscrita no rexistro municipal de asociacións co número 1169/12.

“Programa 10º aniversario, primavera 2015”:

PROGRAMACIÓN FÓRA DE CICLO

Concerto 1: Orquestra Xove Vigo 430

Luns, 9 de febreiro de 2015

Auditorio de Teis.

Concertos 2, 3 e 4: Orquestra Sinfónica Vigo 430 - O Canto das Illas

Venres 20, sábado 21 e domingo 22.

Auditorio Mar de Vigo.

Concerto 5: Orquestra Xove Vigo 430

Mércores, 6 de maio de 2015

Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

PROGRAMACIÓN CICLO 430 DE 10

Programa 1: Orquestra Barroca Vigo 430

Domingo, 19 de abril de 2015

Auditorio Mar de Vigo.

Programa 2: Orquestra Sinfónica Vigo 430

Luns, 27 de abril de 2015

Auditorio Escola Superior de Arte Dramática de Vigo.

Programa 3: Orquestra Xove Vigo 430

Luns, 4 de maio de 2015

Auditorio Escola Superior de Arte Dramática de Vigo.

Programa 4: Dana Zemtsov co Ensemble Vigo 430

Sábado, 23 de maio de 2015

Auditorio do MARCO.

Programa 5: Ensemble Vigo 430

Sábado, 30 de maio de 2015

Auditorio do MARCO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de **79.550€** (setenta e nove mil cincocentos cincuenta euros), financiándose os mesmos mediante as achegas de 70.000 € do Concello de Vigo (87,99%), de 9.350€ (11,75%) cotas asociados e usuarios e 200 € (0,25%) de cotas asociados e usuarios Xove 430.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Certificación da axencia tributaria da exención do IVE
- Declaración doutras axudas.
- Escrito de conformidade ao texto do convenio.
- Cronograma actualizado.
- Escrito de data 23 de abril de 2015 remitido por Asociación Orquestra Vigo 430 de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á "Programa 10º aniversario, primavera 2015" proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A acción pública de fomento no ámbito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas musicais promovidas pola entidade Asociación Cultural Orquestra Vigo 430 se encadra dentro das competencias municipais propias que por razón de materia ven determinada no art. 7 e 25.m da LRBRL, conforme nova redacción dada pola Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes, en aplicación da Lei 27/2013 LRSAL.

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430, para a organización do programa “Programa de música clásica 2014”, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a Asociación Orquestra Vigo 430 deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2014, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430 ten como obxecto financiar a organización do “Programa 10º aniversario, primavera 2015” e figura na partida 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 70.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a Asociación Orquestra Vigo 430, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 70.000€ (setenta mil euros) á Asociación Orquestra Vigo 430, NIF: G27743475, para o financiamento do “Programa 10º aniversario, primavera 2015”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.489.00.08 “CONVENIO ORQUESTRA 430”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Asociación Orquestra Vigo 430 que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Programa 10º aniversario, primavera 2015”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN
ORQUESTRA VIGO 430, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A
ORGANIZACIÓN DO “PROGRAMA 10º ANIVERSARIO, PRIMAVERA 2015”

En Vigo, _ de abril de dous mil quince

REÚNENSE

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación da Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, o D. Francisco Javier Escobar Vidal, presidente da ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 (CIF: G27743475) , actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Avda. de Frago, 31 - 9º B CP.36210 da cidade de Vigo, en adiante a ASOCIACIÓN.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural o “Programa 10º aniversario, primavera 2015”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do mesmo e contribúe a dotar a cidade dunha programación sinfónica estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2015, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en

critérios obxectivos, non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenía.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.489.00.08 "CONVENIO ORQUESTRA 430", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 70.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de ___ de ____ de 2015.

TERCEIRO.- A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo e tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais " "a promoción da música, e especialmente a música orquestral, a formación práctica do oficio orquestral e a realización e divulgación de actividades musicais".

CUARTO.- Que a ASOCIACIÓN ven desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión da música en xeral, promovendo o evento "Programa 10º aniversario, primavera 2015" e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que a ASOCIACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incusa nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Así mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a ASOCIACIÓN e a Concellería para desenvolver o programa de actividades do "Programa 10º aniversario, primavera 2015", que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 79.550€ (setenta e nove mil cincocentos cincuenta euros), financiándose os mesmos mediante as achegas de 70.000 € do Concello de Vigo (87,99%), de 9.350€ (11,75%) cotas asociados e usuarios e 200 € (0,25%) de cotas asociados e usuarios Xove 430.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Lugares: varios

“Programa 10º aniversario, primavera 2015”:

PROGRAMACIÓN FÓRA DE CICLO

Concerto 1: Orquestra Xove Vigo 430

Luns, 9 de febreiro de 2015

Auditorio de Teis.

Concertos 2, 3 e 4: Orquestra Sinfónica Vigo 430 - O Canto das Illas

Venres 20, sábado 21 e domingo 22.

Auditorio Mar de Vigo.

Concerto 5: Orquestra Xove Vigo 430

Mércores, 6 de maio de 2015

Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

PROGRAMACIÓN CICLO 430 DE 10

Programa 1: Orquestra Barroca Vigo 430

Domingo, 19 de abril de 2015

Auditorio Mar de Vigo.

Programa 2: Orquestra Sinfónica Vigo 430

Luns, 27 de abril de 2015

Auditorio Escola Superior de Arte Dramática de Vigo.

Programa 3: Orquestra Xove Vigo 430

Luns, 4 de maio de 2015

Auditorio Escola Superior de Arte Dramática de Vigo.

Programa 4: Dana Zemtsov co Ensemble Vigo 430

Sábado, 23 de maio de 2015

Auditorio do MARCO.

Programa 5: Ensemble Vigo 430

Sábado, 30 de maio de 2015

Auditorio do MARCO.

CUARTA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, baixo as ordenes de D. Francisco Javier Escobar Vidal que actuará como interlocutor fronte á Concellería.
A tal fin a ASOCIACIÓN designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. *Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
5. *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención ASOCIACIÓN da subvención obxecto deste convenio.*
6. *Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.*
7. *A ASOCIACIÓN comunicará ao Concello as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
8. *A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

1. *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
2. *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integra polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello

ademais das lendas indicadas polo servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada e acordada coa Concellería.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se ASOCIACIÓN para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a ASOCIACIÓN ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada polo presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

-Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, antes do 10 de decembro de 2015.

-Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

-Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

- 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
- 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
- 3. Memoria de ASOCIACIÓN.*
- 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
- 5. Reportaxe fotográfica.*

-Memoria económica contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acreedores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa).

-Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

-As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, -agás que xustifique que ASOCIACIÓN exenta de IVE-.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase

total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no período da programación que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os costes indirectos imputables á actividade, os costes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso os costes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requerida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezaón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais mateiral obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento ASOCIACIÓN das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, del tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2015, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes factulará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

*O concelleiro-delegado da Área
de Cultura, Festas e Museos*

presidente da Asociación Orquestra Vigo 430

Cayetano Rodríguez Escudero

Fancisco Javier Escobar Vidal"

ANEXO Iº

ORZAMENTO DO "PROGRAMA 10º ANIVERSARIO, PRIMAVERA 2015"

Previsión de ingresos		%
Concello de Vigo	70.000,00 €	87,99%
Cotas de asociados e usuarios	9.350,00 €	11,75%
Cotas de asociados e usuarios Xove 430	200,00 €	0,25%
TOTAL	79.550,00 €	100,00%

Previsión de gastos	
Gastos persoal	48.653,98 €
Arendamentos e cánones	6.117,78 €
Reparacións e conservación	57,00 €
Servizos profesionais	8.108,31 €
Primas de seguros	218,47 €
Servizos bancarios	191,36 €
Axudas de custo	13.224,40 €
Outros servizos	1.692,42 €
Gastos financeiros	1.286,28 €
TOTAL	79.550,00 €

9(592).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “III NOCTURNA CORRENDO POR VIGO-MAIS QUE AUGA” O VINDEIRO DÍA 30 DE MAIO DE 2015. EXPTE. 13921/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/05/15, do director deportivo do IMD conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

O club de Deportes Carlos Miguelcon CIF (G-27779206), solicitou o día 24-02-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150022387), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: III NOCTURNA CORRENDO POR VIGO*
- *Data:30 de maio de 2015*
- *Horario:*
- *Inicio e fin evento: 21.50h a 23.45h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o sábado 30 de maio de 2015 ás 21.50h e rematará ás 23.45h, primeiro se levará a cabo unha carreira de camareros que comenará ás 21.50h e a continuación a carreira absoluta que **comenará ás 22.00h**, a saída será dende a rúa Florida á altura do mercado de Travesas, praza de América para coller Castelao ata xirar no final da mesma para coller a rúa Porriño, rúa Baiona, Redondela,Avda. Castelao, Ramón Buch logo xirar a esquerda entrando pola praza da Tellada, rúa Dario Durán, avda. Florida ata ronda con Manuel de Castro, Avda Florida e chegada a meta.*

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao club de Deportes Carlos Miguel con CIF (G-27779206), a organizar o vindeiro sábado 30 de maio de 2015, o evento deportivo denominado **III NOCTURNA MAIS QUE AUGA**, a carreira comenará ás 21.50h e rematará as 23.45h a súa saída será dende o Mercado das Travesas e percorrerá por Florida á altura do mercado de Travesas, praza de América para coller Castelaio ata xirar no final da mesma para coller a rúa Porriño, rúa Baiona, Redondela, Avda. Castelaio, Ramón Buch logo xirar a esquerda entrando pola praza da Tellada, rúa Dario Durán, avda. Florida ata rotonda con Manuel de Castro onde se xira para volver pola avda. Da Florida ata chegar a meta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(593).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A MARTÍN DE LA PUENTE RIOBÓ POLA DINAMIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO PARALIMPIADAS RÍO 2016. EXPTE. 14025/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/05/15, do director deportivo do IMD conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

“Antecedentes:

Martín de la Puente Riobó, vigués de nacemento de 15 anos de idade, é unha das promesas con maior progresión e futuro no ámbito do tenis en cadeira de rodas a nivel mundial. Esta modalidade é unha adaptación do Tenis para persoas con algún tipo de discapacidade física, que a día de hoxe practican máis de 15.000 xogadores en máis de 70 países.

Este xoven deportista, nacido no ano 1999 en Vigo, ocupa na data actual o número 1 mundial en categoría sub-15, o número 2 do Ranking Mundial Junior, e o número 1 no Ranking Nacional absoluto, datos que deixan patente o nivel deportivo acadado por este tenista, que con tan solo 15 anos foi quen de alcanzar unha cota de rendemento na élite do tenis mundial.

A progresión de Martín de la Puente no ámbito do Tenis en cadeira de rodas foi enorme nos derradeiros 3 anos, acadando resultados destacadísimos en competicións de prestixio de ámbito nacional e Internacional, como os resultados obtidos no VI Open Ciudad de Marbella, o Open da Comunidad Valenciana, o ITF European Junior Camp (Bélgica), no que se dan cita os mellores tenistas da súa idade, o Máster Nacional en Cadeira de rodas celebrado en Valencia e ó que só invitan ós 8 mellores xogadores da categoría absoluta, ou máis recentemente o subcampionato mundial de Turkía do ano 2013 na categoría sub-18 e o seu primeiro posto no Cto. de España absoluto no ano 2014, tanto a nivel individual como en dobres.

Martín de la Puente, que aos seus 15 anos está logrando niveis de rendemento deportivo ó alcance tan só dos mellores, ten ademáis un valor engadido. Martín sofre unha discapacidade física que o obrigou a adaptarse rápidamente ás súas capacidades e potencialidades cunha tenacidade e entusiasmo dificilmente imaxinables nun deportista tan xoven. Estas fortalezas do seu carácter, unidas a unha enorme capacidade de sacrificio vinculada co deporte de alto nivel e un talento innato, fan que Martín de la Puente teña nas súas mans opcións reais de participar nos Xogos Paralímpicos que se celebrarán en Río de Xaneiro no verán do ano 2016.

Estas opcións pasan por estruturar e cumprir unha esixente planificación de preparación, que inclúe tanto os adestramentos como a participación nos Torneos Nacionais e Internacionais do máis alto nivel. O deporte de alto rendemento esixe unha dedicación plena, que inclúe a obriga de participar nos Torneos de máis prestixio do ámbito Nacional e Internacional que, no ámbito do Tenis, son os que outorgan as puntuacións que determinan as posicións no Ranking Internacional.

O cumprimento desta planificación será a que determine as posibilidades que ten este xoven tenista de alto nivel de acudir á cita deportiva máis importante no ámbito do deporte adaptado, os Xogos Paralímpicos que se van celebrar en Río de Xaneiro no verán do 2016.

Os Xogos Paralímpicos son a competición máis importante a nivel mundial para persoas con discapacidade. A repercusión mediática e social foi incrementándose desde que se iniciou a cobertura televisiva dos Xogos Paralímpicos no ano 1976, ata alcanzar unha audiencia de máis de 300 millóns de persoas a nivel mundial nas derradeiras citas paralímpicas. Estas cifras dan unha idea da envergadura e importancia desta competición, na que se dan cita máis de 4.000 deportistas procedentes de 160 países que loitan por medallas de 20 modalidades diferentes.

Este macroevento deportivo é a nivel mediático un escaparate mundial, unha ventana ao mundo que permite que millóns de persoas coñezan os lugares de orixe dos participantes a través dos innumerables canles de comunicación que lle dan cobertura e que atraen a atención absoluta do ámbito do deporte durante a súa celebración .

Por outra banda, a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos dinamizar actividades e iniciativas orientadas a colaborar coa actividade deportiva de élite da cidade, cunhas necesidades especiais de financiación e sostenibilidade, impulsar iniciativas que colaboren coa sensibilización da poboación coas necesidades e especificidades vinculadas á discapacidade en xeral, á discapacidade física en particular, e a súa relación coa práctica deportiva en concreto, apoiar proxectos que contribúan a enriquecer o mapa deportivo da cidade e que sirvan de referencia ós e ás xóvenes deportistas e optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento que colaboren coa consolidación da imaxe deportiva da cidade de Vigo.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- A importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos vinculados co deporte de élite.*
- O interés de Vigo por apoiar referentes do deporte local na súa relación cos xóvenes deportistas.*

- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.
- Contribuir á sensibilización do colectivo escolar co deporte e a discapacidade.
- Concienciar á poboación escolar de Vigo sobre as especificidades do deporte para discapacitados
- Sensibilizar ós escolares coas necesidades concretas dos deportistas discapacitados, a dar a coñecer o valor engadido do esforzo das persoas que sufren algún tipo de discapacidade, e achegar á poboación escolar a realidade e os valores vinculados ó deporte-discapacidade.

Proposta:

Por todo o exposto, propónse a concesión dunha subvención a Martín de la Puente, tendo en conta a consideración de que esta subvención responde á propia relevancia da actividade que desenvolve, ó tempo que a súa actividade pretende a consolidación do proxecto deportivo considerado de interese para o desenvolvemento do proxecto da cidade de Vigo e o deporte.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Ante estes aspectos atopamos criterios suficientes que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre o Concello de Vigo e Martín de la Puente, para o cal propónse a resolución desta subvención a través do regulado nas cláusulas do convenio que se adxunta entre o Concello de Vigo e Martín de la Puente, para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Debemos destacar que o proxecto presentado por Martín de la Puente, responde a un traballo que pódese catalogar de exclusivo, polo que a subvención proposta a través deste expediente xustifica que por tratarse dun proxecto tan específico non existira concorrencia, e ademais o alto interese deportivo, público e social vinculado ó propio proxecto deportivo, definen a mesma dentro dos aspectos previstos no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta estes criterios e o proxecto proposto por Martín de la Puente, plantéase a presente proposta de convenio para a adxudicación dunha subvención. A proposta de subvención ten en conta o alcance do orzamento destinado por Martín de la Puente á execución do proxecto, que de acordo coa memoria presentada, que se adxunta a este expediente ascende a un gasto total de 23.040,00 €, polo cal a proposta de subvención e de 5.000,00 €. Dito importe financiarase a través do crédito existente na partida 3410.489.00.00 do vixente orzamento.

A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa

configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o recollido na base 38 das de execución do orzamento do Concello de Vigo.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar á financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do proxecto deportivo Río 2016 presentado polo deportista de alto nivel Martín de la Puente.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

Martín de la Puente presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e previstas e o destino previsto para a subvención solicitada.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte de Martín de la Puente das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O beneficiario, presentou o proxecto que xustifica a finalidade para a que se propón a subvención. Tras a aprobación da presente resolución e trala sinatura do convenio que regula a mesma, o beneficiario deberá presentar os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

Previamente a efectuarse a proposta, debe emitirse informe xurídico e informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRA: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e Martín de la Puente, para a concesión dunha subvención en relación o proxecto de Río 2016.

SEGUNDA: Autorizar o gasto polo importe de 5.000,00 €. a favor de Martín de la Puente, co DNI:39486612-M, con enderezo social na Rúa Paseo Cronista Álvarez Blázquez, 38, en Vigo, en concepto de subvención directa en base o convenio para o desenvolvemento do proxecto Río 2016. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.00 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MARTÍN DE LA PUENTE
RIOBÓ EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO RÍO 2016 (Expte. 14025/333)

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, *D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

Doutra, *don Javier de la Puente Crespo con DNI: 36104560B como representante legal (Pai) de Martín de la Puente Riobó DNI: 39486612-M, menor de idade, tenista de alto nivel e enderezo social na Rúa Paseo Cronista Álvarez Blázquez, 38, en Vigo, segundo resulta da documentación que consta do presente expediente.*

Dna. Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento,

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que Martín de la Puente Riobó, vigués de nacemento de 15 anos de idade, é unha das promesas con maior progresión e futuro no ámbito do tenis en cadeira de rodas a nivel mundial. Esta modalidade é unha adaptación do Tenis para persoas con algún tipo de discapacidade física, que a día de hoxe practican máis de 15.000 xogadores en máis de 70 países.

Este xoven deportista, nacido no ano 1999 en Vigo, ocupa na data actual o número 1 mundial en categoría sub-15, o número 2 do Ranking Mundial Junior, e o número 1 no Ranking Nacional absoluto, datos que deixan patente o nivel deportivo acadado por este tenista, que con tan solo 15 anos foi quen de alcanzar unha cota de rendemento na élite do tenis mundial.

A progresión de Martín de la Puente no ámbito do Tenis en cadeira de rodas foi enorme nos derradeiros 3 anos, acadando resultados destacadísimos en competicións de prestixio de ámbito nacional e Internacional, destacando a súa tenacidade e entusiasmo, difícilmente imaxinables nun deportista tan xoven. Estas fortalezas do seu carácter, unidas a unha enorme capacidade de sacrificio vinculada co deporte de alto nivel e un talento innato, fan que Martín de la Puente teña nas súas mans opcións reais de participar nos Xogos Paralímpicos que se celebrarán en Río de Xaneiro no verán do ano 2016.

Neste sentido, Martín de la Puente desenvolve un proxecto encamiñado cumprir os requisitos de planificación e cumprimento dun esixente calendario deportivo, que ademais vai incluír a promoción do deporte e a súa relación coa discapacidade no ámbito dos centros escolares da cidade de Vigo.

Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do proxecto Río 2016, supón a principal actividade de Martín de la Puente, cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola propia relevancia da actividade, como pola súa importancia mediática e social, tanto na propia cidade como a nivel internacional, ao estar en relación directa co evento deportivo máis relevante a nivel mundial.

II.- O proxecto que presenta Martín de la Puente dentro do obxecto deste expediente de subvención, oriéntase fundamentalmente a dotar a Martín de la Puente dos medios necesarios que lle permitan optar a participar nos xogos paralímpicos que se van celebrar en Río de Xaneiro no verán do ano 2016. Este proxecto conleva ademais a dinamización de actividades de promoción do deporte e a súa relación coa discapacidade no ámbito dos centros docentes da cidade de Vigo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Dinamizar actividades e iniciativas orientadas a colaborar coa actividade deportiva de élite da cidade, cunhas necesidades especiais de financiación e sustentabilidade.*

- *Impulsar iniciativas que colaboren coa sensibilización da poboación coas necesidades e especificidades vinculadas á discapacidade en xeral, á discapacidade física en particular, e a súa relación coa práctica deportiva en concreto.*
- *Apoiar proxectos que contribúan a enriquecer o mapa deportivo da cidade e que sirvan de referencia ós e ás xóvenes deportistas.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento que colaboren coa consolidación da imaxe deportiva da cidade de Vigo.*
- *Apoiar referentes do deporte local na súa relación cos xóvenes deportistas.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*
- *Contribuir á sensibilización do colectivo escolar co deporte e a discapacidade.*
- *Concienciar á poboación escolar de Vigo sobre as especificidades do deporte para discapacitados.*
- *Sensibilizar ós escolares coas necesidades concretas dos deportistas discapacitados, a dar a coñecer o valor engadido do esforzo das persoas que sufren algún tipo de discapacidade, e achegar á poboación escolar a realidade e os valores vinculados ó deporte-discapacidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións que acrediten un carácter singular das mesmas, e razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitario, e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto RÍO 2016, no ano 2015.

VI.- Que Martín de la Puente non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa o desenvolvemento do proxecto presentado por Martín de la Puente, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- Martín de la Puente comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos relacionados co proxecto subvencionado: Programa Municipal de escolas deportivas.

Xornadas de formación.

Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.

Xornadas de sensibilización de deporte e discapacidade no ámbito escolar.

2º.- Desenvolver a actuación principal do proxecto xeral deportivo de RÍO 2016, e que inclúe a promoción e fomento do TENIS EN CADEIRA DE RODAS no ano 2015.

3º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar con Martín de la Puente Riobó, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do seu proxecto deportivo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción do proxecto (equipacións, revistas, web, publicacións, etc).

3º.- Conceder Martín de la Puente Riobó unha subvención po importe de 5.000,00 €, en concepto de subvención directa en base o convenio para o desenvolvemento do proxecto RÍO 2016. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.00 do vixente orzamento:

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O beneficiario deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- O beneficiario non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- O beneficiario debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- O beneficiario, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

O beneficiario deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos

de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención o beneficiario deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realizaran ó longo do ano 2015.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e o 31 de decembro de 2015, debendo presentar a xustificación do mesmo con anterioridade ó 15 de decembro de 2015.

Décimo quinto.- O beneficiario está informado que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

O Beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ____ de 2015.

O Alcalde de Vigo.

O Representante legal de Martín de la
Puente Riobó

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo. Javier de la Puente Crespo"

11(594).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO AMFIV PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE - TEMPADA 2014-2015. EXPTE. 14057/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/04 e o de fiscalización do 06/05/15, dáse conta do informe-proposta do 27/04/15, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira de Facenda que di o seguinte:

“Atendendo á instrucción de data 27/04/2015 remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade C.D. AMFIV polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2014/2015.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. AMFIV conta cun equipo de élite na modalidade de Baloncesto en cadeira de rodas na categoría División de Honra. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2014/2015, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. AMFIV e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. AMFIV para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2015, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. AMFIV durante a tempada deportiva 2014/2015, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. AMFIV para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honra na tempada deportiva 2014/2015 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 48.000,00€. a favor da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosko Canido Estación, s/n, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14057/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. AMFIV EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015 (EXPTE. 14057/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don José Antonio Beiro Rodríguez como presidente da entidade C.D. AMFIV CIF nº G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosko Canido Estación, s/n, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14057/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. AMFIV conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2014/2015.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á

consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. AMFIV impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en cadeira de rodas en etas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.07 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 48.000,00€, a favor da entidade deportiva C.D. AMFIV.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto xeral da entidade C.D. AMFIV na tempada deportiva 2014/2015.

VI.- Que a entidade C.D. AMFIV non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14057/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. AMFIV o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. AMFIV comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.*
- Xornadas de formación.*

- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de C.D. AMFIV na tempada 2014/2015.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. AMFIV na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. AMFIV (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. AMFIV unha subvención por importe de 48.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.07 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2014/2015.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2014/2015, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2014/2015. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de

4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2014/2015, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

O Alcalde de Vigo.
Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Presidente do C.D. AMFIV
Asdo. José Antonio Beiro Rodríguez

12(595).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO PARA COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FÚTBOL 7. EXPTE. 14050/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/04/15 e de fiscalización do 07/05/15, dáse conta do informe-proposta do 11/05/15, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

“Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 14050/333 polo cal se propón a adxudicación directa dunha subvención a Agrupación Deportiva Vigo, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do seu proxecto de participación no Cto. De España de Fútbol 7 no mes de xuño de 2015, e tendo en conta o informe emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 7 de maio de 2015, procédese á modificación da proposta de resolución atendendo á observación realizada no citado informe de fiscalización en referencia ó período de vixencia do convenio establecido no pacto 14º:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da entidade Agrupación Deportiva Vigo polo desenvolvemento do seu proxecto de participación no Cto. de España de Fútbol-7 que vai ter lugar entre o 19 e o 21 de xuño de 2015 na cidade de Salamanca.

A Agrupación Deportiva Vigo, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, que ten por obxecto exclusivo o fomento e a práctica de actividades físico-deportivas, non limitadas a un só ámbito, modalidade ou disciplina.

Entre as actuacións enmarcadas nos fins da Agrupación, atopamos o desenvolvemento de actividades físico-deportivas relacionadas co deporte para todos e do tempo libre, o fomento, promoción e divulgación do deporte en xeral, recoñecendo que é un medio ao servizo do pleno desenvolvemento da persoa.

Vinculada a estes obxectivos, atopamos que a entidade organiza na cidade de Vigo unha competición de Fútbol-7 na que participan máis de 3.000 deportistas. Esta competición desenvólvese ó longo de 8 meses, tendo unha enorme tradición e repercusión mediática e social a nivel local, e constituíndo o evento destinado ó deporte afeccionado de maior relevancia e tradición na cidade de Vigo.

Como parte deste proxecto “Vigo en Xogo de Fútbol-7”, a Agrupación deportiva Vigo promove e dinamiza a participación dunha representación de deportistas da cidade no XI Campionato de España de Fútbol-7 que se vai celebrar na cidade de Salamanca no mes de xuño, e que organiza a Asociación Nacional de Fútbol-7.

A Agrupación Deportiva Vigo, única entidade da cidade que desenvolve un proxecto de deporte afeccionado da envergadura, repercusión mediática e social, e cun nivel de participación como é o da Liga de Fútbol-7 Vigo en Xogo, vai configurar unha selección para representar ó Concello de Vigo, que estará composta polos xogadores máis destacados na Liga da tempada 2014/2015 para participar no Campionato de España. Neste campionato participarán equipos representantes de 32 cidades de toda España, e convertírase, durante a súa celebración no foco de atención da modalidade a nivel nacional, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación, xa que no campionato participarán os mellores equipos da modalidade a nivel nacional.

O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización da actividade físico-deportiva vinculada á saúde na cidade de Vigo.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á participación da Agrupación Deportiva Vigo no XI Campionato de España de Fútbol-7 representando á cidade de Vigo, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita Agrupación, plantéase a presente proposta para a adxudicación

dunha subvención por importe de 8.000,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a participación no evento de referencia.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á entidade Agrupación Deportiva Vigo co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte-saúde na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.

A Agrupación Deportiva Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14050/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Agrupación Deportiva Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa

configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade. A subvención que regula o convenio proposto non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que a Agrupación Deportiva Vigo é a única entidade da cidade na actividade de referencia.

O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados á participación dunha selección de deportistas da cidade que representarán ó Concello de Vigo, vinculados á competición Vigo en Xogo, no XI Campionato de España de Fútbol-7 no vindeiro mes de xuño.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Agrupación Deportiva Vigo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Agrupación Deportiva Vigo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

4.Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

5.Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou

compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.

6.Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

7.En xeral os documentos xustificativos correspóndense con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Agrupación Deportiva Vigo, co CIF: G-36651123, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar o proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7 que se vai celebrar en Salamanca entre o 19 e o 21 de xuño de 2015.

SEGUNDA: Autorizar o gasto polo importe de 8.000,00 € a favor da Agrupación Deportiva Vigo, co CIF: G-36651123, con enderezo social na Avda. Balaidos, 24, Bajo, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7 que se vai celebrar en Salamanca entre o 19 e o 21 de xuño de 2015.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NO XI CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FÚTBOL-7 QUE SE VAI CELEBRAR DO 19 AO 21 DE XUÑO DE 2015 (Expte. 14050/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra, don Alejandro Costas González con DNI: 35.964.301-Y, como presidente da entidade Agrupación Deportiva Vigo, co CIF: G-36651123, con enderezo social na Avda Balaidos, 24, Bajo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do presente expediente.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que a Agrupación Deportiva Vigo foi constituída en Vigo o 24 de xaneiro de 1987, sendo unha asociación privada con personalidade xurídica, sen ánimo de lucro e con capacidade de obrar autónomamente.

Esta Entidade, ao amparo do establecido no artigo 2 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, o desenvolvemento de actividades físico-deportivas relacionadas co deporte para todos e do tempo libre, o fomento, promoción e divulgación do deporte en xeral, recoñecendo que é un medio ao servizo do pleno desenvolvemento da persoa.

Neste sentido, a Agrupación Deportiva Vigo desenvolve na cidade de Vigo un programa de dinamización do fútbol-7, no que participan máis de 3.000 deportistas, e que enmarca, entre outras actuacións, o proxecto de participación dunha selección de xogadores no campionato de España de Fútbol-7, organizado pola Asociación Nacional de Fútbol-7 na cidade de Salamanca do 19 ao 21 de xuño de 2015.

II.- O programa que presenta a Agrupación Deportiva Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, pretende crear un entorno de motivación que favoreza o mantemento da participación nunha actividade deportiva orientada básicamente a obxectivos relacionados coa vida activa e a saúde.

III.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte-saúde.*
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, contén cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva orientada á saúde no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7.

VI.- Que a Agrupación Deportiva Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Agrupación Deportiva Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Agrupación Deportiva Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, a participación no Campionato de España de Fútbol-7 que se vai celebrar do 19 ó 21 de xuño representando ó Concello de Vigo, como parte do seu programa Vigo en Xogo.

2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltoos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder á Agrupación Deportiva Vigo unha subvención polo importe de 8.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Participación no Campionato de España de Fútbol-7" entre o 19 e o 21 de xuño de 2015. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Colaborar coa entidade Agrupación Deportiva Vigo, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da entidade Agrupación Deportiva Vigo (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo tres meses desde a finalización da actividade. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata tres meses da finalización do evento.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

O Alcalde de Vigo.

O Presidente da Agrupación Deportiva Vigo

13(596).- CORRECCIÓN DE ERRO ARITMÉTICO NA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB, APROBADA POR X.GOVERNO DE 18.03.15. EXPTE. 13908/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/05/15, do director deportivo do IMD conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

"NORMATIVA APLICABLE:

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

A Xunta Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de marzo de 2015 de 2014, adoptou o seguinte acordou:

Aprobar o "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Club en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de élite na tempada deportiva 2014/2015 (EXPTE. 13.908/333).

Dito convenio, establece no pacto 2º, apartado 3º, que o Concello de Vigo comprométese a "conceder directamente á entidade Vigo Rugby Club" unha subvención por importe de 30.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en Vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, deservido na tempada deportiva 2014/2015".

No entanto, revisado o expediente constatouse un erro no importe da subvención, xa que a partida 3410.489.00.09 detallada nominalmente no orzamento da Concellería de Deportes para o ano 2015 é por importe de 32.000,00€

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de marzo de 2015, adoptou o seguinte acordou:

Aprobar o "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Club en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de élite na tempada deportiva 2014/2015 (EXPTE. 13.908/333)"

O importe da subvención tramitada a través do expediente foi de 30.000,00 euros.

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

En consecuencia, procede substituír a cantidade que consta no citado acordo 30.000,00 euros, pola cantidade correcta que é 32.000,00 euros, e tramitar o aboamento á entidade beneficiaria da subvención da diferenza entre o importe tramitado inicialmente e o importe correcto.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar a cantidade correspondente á subvención a favor da entidade Vigo Rugby Club en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de élite na tempada deportiva 2014/2015 (EXPTE. 13.908/333), substituíndo 30.000,00euros, pola cantidade correcta que é 32.000,00euros”, e tramitar, previa sinatura do convenio rectificado, o aboamento á entidade beneficiaria da diferenza entre o importe tramitado inicialmente e o importe correcto.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(597).- DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO COMO GARANTÍA DO ACOPIO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DA ETEA-LOTE 2. EXPTE. 14075/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/05/15 e xurídico do 07/05/15, dáse conta do informe-proposta do 12/05/15, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira de Facenda que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto básico e de execución de xecución das obras de “CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA-lote 2 (expte 13166-333)”, expediente que se tramita como investimento derivado da aplicación do superávit sec-95 da liquidación do ano 2012.

Tamén a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA-lote 2 (expte 13166-333)”, a favor da UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, por un prezo total de 362.694,10 euros (IVE incluído).

Con data 13 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, para a execución das obras de “CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA-lote 2 (expte 13166-333)”, por un prezo total de 362.694,10 euros (IVE incluído).

Con data 9/12/2014 se asina a acta de comprobación do replanteo, co cal se da inicio a execución da obra.Por último, o 7/04/2015, previa petición desta concellería, o Interventor Xeral emite informe favorable á devolución solicitada. Tamén, o día 17 de abril, o Secretario de Administración Municipal emite informe positivo para a dita devolución.

Polo exposto, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“Devolver a C.D. Indepo, S.A. (CIF B36956464) a garantía constituída para responder do acopio de materiais para a execución das obras de reforma do campo de fútbol de As Travesas (expte 13166-333 lote nº 1) ,por unha contía de 99.672,22 €, segundo a carta de pagamento “OVCD” nº 201400088128 de data 19/12/2014”.

Posteriormente, o 24/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Director Facultativo da obra a: D. Miguel Porras Gestido, D.N.I. 36.106.078-B, Arquitecto Colexiado Nº 2543 de Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 18/12/2014 a UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, contratista da execución das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NA ETEA-lote 2 (expte 13166-333), solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 97.310,33 € (I.V.E incluído).

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 26/12/2014, autoriza o aboamento á conta de materias acopiados para a execución das ditas obras (expte 13747-333). Con carácter previo á aprobación da certificación e da correspondente fra, o contratista PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., constituíu garantía (documento CVD nº 201400092254 por importe de 48.655,17 €).

Con data 29/12/2014, tramítouse a certificación nº 1, por importe de 97.310,33 €, para o acopio do material necesario para a obra de contrución dun novo campo na ETEA, de acordo co acordo da Xunta de Goberno Local, indicado no parágrafo precedente.

Con posterioridade tramitáronse as certificacións seguintes:

- Certificación nº 2 (fra nº 02/14 de 29/12/2014), por importe de 55.153,39 €.*
- Certificación nº 3, de data 30/01/15, por importe de 0 €, xa que ao importe total da mesma . dedúceselle parte dos acopios certificados na cert. Nº 1, en relación dos materiais acopiados.*
- Certificación nº 4 (fra nº 15 de 28/02//15), por importe de 46.397,00 €.*

O director facultativo da obra D. Miguel Porras Gestido, emite informe de abril, favorable á devolución do aval solicitado, en base a que os materias obxecto da certificación por acopios, teñen sido instalados na obra e executados a satisfacción da dirección facultativa.

Por último, o 5/05/2015, previa petición desta concellería, o Interventor Xeral emite informe favorable á devolución solicitada. Tamén, o día 7 de maio, o Secretario de Administración Municipal emite informe positivo para a dita devolución.

Polo exposto, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“Devolver a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (CIF A70319678) a garantía constituída para responder do acopio de materiais para a execución das obras de reforma do campo de fútbol da ETEA (expte 13166-333 lote nº 2) ,por unha contía de 48.655,17 €, segundo a carta de pagamento “OVCD” nº 201400092254 de data 29/12/2014”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(598).- DAR CONTA DA RENUNCIA DA BENEFICIARIA D^a BEATRIZ ÁLVAREZ BUSTOS COMO BENEFICIARIA DA BOLSA “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICA NO ESTRANXEIRO (LONDRES) DO ALUMNADO DA EOIV, CURSO 2014-2015. EXPTE. 16332/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 09/05/15, do técnico do servizo de Educación que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 24 de Outubro de 2014, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “Aprobar as bases da convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas (EOIV), curso 2014-2015. Expediente 16332/332.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 19/12/2014, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “Proposta de adjudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, curso 2014-2015. Expte 16332/332. Consonte ao citado acordo, figura como beneficiaria dunha bolsa municipal de lingua inglesa para estadía lingüístico-formativa en Londres, Dna. Beatriz Álvarez Bustos (36151466-C)

A base décimo cuarta da devandita convocatoria “perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro da subvención”, recolle que dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria de calquera das obrigas previstas nas bases reguladoras da convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención. En canto ás causas de reintegro da axuda estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En data 08/04/2015 comparece nas dependencias do servizo municipal de educación, Dna. Beatriz Álvarez Bustos, que ten presentado documentación acreditativa suficiente no rexistro xeral do Concello en data 25/03/2015 co nº de doc 150035612, coa que pon en coñecemento da admon. Local que por razóns médicas imprevistas, lle foi imposible o disfrute e desenvolvemento da actividade lingüístico-formativa en Londres (dende o 29/03/2015 ao 11/04/2015), segundo os requisitos establecidos na convocatoria.

En consecuencia, seguindo o procedemento recollido na base décimo cuarta da convocatoria, diante da circunstancia que impide o cumprimento da obriga da correcta xustificación da subvención outorgada e o incumprimento total do obxectivo formativo que fundamenta a concesión da subvención outorgada, determínase o reintegro á admon. Local do adianto da cantidade percibida, ademáis da perda do dereito ao cobro da subvención.

Para elo, a beneficiaria Dna. Beatriz Alvarez Bustos, mediante comparecencia en data 08/04/2015 e transferencia bancaria en documento contable co nº de operación 0508660926591786 de data 08/04/2015, da cal se achega xustificante acreditativo ao presente informe, reintegra ao Concello de Vigo a cantidade de 921,20.-€ percibida como adianto do primeiro 50% do custe da beca municipal “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro (Londres) outorgada.

Consonte ao anteriormente exposto, deuse conta desta circunstancia ao servizo de intervención municipal, e dado que Beatriz Álvarez Bustos (NIF 36151466-C) deixa de ter a condición de beneficiaria das bolsas “Concello de Vigo” e polo tanto perde o dereito ao cobro da subvención; procedeuse á anulación do documento contable a favor da mesma por importe 940.-€ (AD 201500024797)

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta desta renuncia voluntaria por razóns médicas que se ten producido nunha beneficiaria das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV curso 2014-2015.

Por elo, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV curso 2014-2015, da beneficiaria de inglés, Beatriz Álvarez Bustos co DNI 36.151.466-C.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(599).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO “VIGO INTEGRA III”. EXPTE. 11827/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.05.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 10 de febreiro de 2015, a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

- 1.- Aprobar o proxecto denominado “Vigo Integra III”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 205.000,00 €, dos que 164.000,00 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 41.000,00 €, son a financiar polo Concello de Vigo.*
- 2.- Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2015 e 2016.*
- 3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2015 e 2016 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

Con data 30/04/2015 recíbese a notificación da concesión da subvención para a posta en práctica en Galicia do programa integrado para o emprego “Vigo Integra III”, por resolución da Directora Xeral de Emprego e Formación da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 6 de abril de 2015, en base a Orde do 31 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2015 e 2016 de programas integrados para o emprego, co número de expediente TR332A/2015-0021, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 41.000,00 € para o ano 2015 e de 164.000,00 € para o ano 2016 para a posta en marcha do devandito programa para o emprego.

A solicitude de aceptación do devandito proxecto amparase na LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local. Establece no seu artigo 3." En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

3. A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 de Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención."

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Directora Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 6 de abril de 2015, en base a Orde do 31 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2015 e 2016 de programas integrados para o emprego, co expediente TR332A/2015-0021, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 41.000,00 € para o ano 2015 e de 164.000,00 € para o ano 2016 para a posta en marcha do devandito programa para o emprego.

Ano	Subvención	Cofinanciación
2015	41.000,00 €	10.250,00 €
2016	123.000,00 €	30.750,00 €
Total	164.000,00 €	41.000,00 €
Total custo proxecto	205.000,00 €	

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa integrado para o emprego "Vigo Integra III", conforme ao establecido na orde de 31 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2015 e 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(600).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA-XUNTA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 1937/334.

Dáse conta do informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, do 6.05.15, conformado pola concelleira de dito servizo, que di o seguinte:

O DOG do 28 de abril (núm. 79) recolle a publicación da Orde do 22 de abril de 2015 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

No artigo 4 establécese que dentro das "Modalidades de axuda" está a de "Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local", enténdese baixo este epígrafe "...a dotación de continuidade dun servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións"

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.c (servizo xa existente), art. 7 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación).

Na actualidade, o SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana.

Esta orde de convocatoria de subvencións ábrenos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do SNL por un total de 20.000 euros."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(601).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. 102512/140.

Vistos os informes do xefe de Contabilidade, e o informe de fiscalización do 8.05.15, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/a favor
Escariz Couso Alberto	201500008885	2311.4800000	3.000,00	1.467,00	29/01/15	24/04/15	29/04/15	1.533,00	---
Escariz Couso Alberto	201500011226	9340.2312000	500,00	367,89	06/02/15	23/02/15	06/05/15	132,11	---

Escariz Couso Alberto	201500011227	9340.1620000	302,50	302,50	06/02/15	23/02/15	06/05/15	0,00	---
Escariz Couso Alberto	201500011358	9340.2302000	154,27	154,27	06/02/15	23/02/15	06/05/15	0,00	---
Escariz Couso Alberto	201500017715	9200.2312000	50,00	50,00	12/03/15	19/03/15	12/06/15	0,00	---
Espada Recarey Luis	201500003244	9250.2279900	17.999,00	17.902,05	22/01/15	27/03/15	22/04/15	96,95	---
Espada Recarey Luis	201500003246	9250.2200100	500,00	400,80	22/01/15	15/04/15	22/04/15	99,20	---
Espada Recarey Luis	201500003247	9250.2230000	500,00	82,38	22/01/15	15/04/15	22/04/15	417,62	---
Espada Recarey Luis	201500003248	9250.2200000	1.000,00	547,90	22/01/15	15/04/15	22/04/15	452,10	---
Espada Recarey Luis	201500003250	9250.2269901	311,00	311,00	22/01/15	27/03/15	22/04/15	0,00	---
Fernández Fernández Paz	201500018226	2310.4800002	690,75	690,75	16/03/15	06/04/15	16/06/15	0,00	---
Gutiérrez Francisco J. Orúe	201500004992	9251.2330000	600,00	600,00	26/01/15	10/03/15	26/04/15	0,00	---
Gutiérrez Francisco J. Orúe	201500016000	9251.2240000	2.100,00	1.890,00	04/03/15	19/03/15	04/06/15	210,00	---
Núñez Aboy Marta	201500012042	3340.2302000	617,04	349,76	26/03/15	04/03/15	26/06/15	267,28	---
Núñez Aboy Marta	201500012044	3340.2312000	400,00	338,50	16/02/15	04/03/15	16/05/15	61,50	---
TOTAL			** Ex-pression is faulty **	** Ex-pression is faulty **				** Ex-pression is faulty **	

19(602).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CALIDADE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I”. EXPTE. 2987/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 12.05.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I”. EXPTE. 2676/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de

"HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2676/440, a favor da mercantil ORESA, SL., por un prezo total de 271.200 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2676/440.

Con data 30 de decembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil ORESA, SL.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. PEDRO MURCIEGO DELGADO como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2676/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de febreiro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2676/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2676/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.*
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.*

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil ORESA, SL. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 30-04-2015*
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 30-04-2015*

Con data 12-05-2015 a dirección facultativa formada por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 20 de febreiro de 2015, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil ORESA, SL. con data 30-04-2015 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 12-05-2015 asinados por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA como directores facultativos nomeados para as obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2676/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2676/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(603).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CALIDADE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2988/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 12.05.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2675/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2675/440, a favor da mercantil CIVIS GLOBAL, SL., por un prezo total de 246.575,01 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2675/440.

Con data 30 de decembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil CIVIS GLOBAL, SL.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. ALEJANDRO MARTÍNEZ GARCÍA como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2675/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de febreiro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2675/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2675/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil CIVIS GLOBAL, SL. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 16-02-2015
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 16-02-2015

Con data 12-05-2015 a dirección facultativa formada por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2015, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil CIVIS GLOBAL, SL. con data 16-02-2015 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 12-05-2015 asinados por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA como

directores facultativos nomeados para as obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2675/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I". EXPTE. 2675/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(604).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2015, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, MESES DE XANEIRO A OUTUBRO. EXPTE. 6982/320.

Visto o informe-xurídico do 31.03.15, o informe de fiscalización do 6.05.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 27.03.15, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 09/03/2015 (doc. 150028541, D^a Cristina Lago Pérez, en calidade de presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G-36427524) e na súa representación, achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades para o ano 2015, que se concretará na axuda ao financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

Segundo certifica o secretario da entidade o 26/02/2015, o Padroado da Fundación Igual Arte, en sesión da mesma data, acordou nomear a D^a Cristina Lago Pérez, presidenta da fundación, como persoa responsable da sinatura do convenio, á que o art. 15.a) dos seus Estatutos lle atribúe a facultade de "representar á fundación en todos os asuntos e actos administrativos..."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)*

- *Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)*
- *Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.*
- *Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993*

2. COMPETENCIA MUNICIPAL

A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.

En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

A lei distingue tres tipos de competencias: as propias (artigos 7.2 e 25), as delegadas (7.3 e 26) e as distintas das anteriores que, segundo o artigo 7.4 só poderán exercerse cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda local e non se incorra nun suposto de execución do mesmo servizo simultaneamente con outra Administración Pública.

Ademais, a teor do disposto no art. 25.1 da LBRL, establece o recoñecemento dunha capacidade xenérica de actuar, tamén coñecida como cláusula de capacitación xeral, segundo a cal, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O citado precepto, enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.

E finalmente, a DT2ª da LBRL, sinala que en tanto non se dite a lexislación do Estado e das CCAA, conforme ao sinalado nos preceptos antes citados (art. 2 e 25), os municipios poderán exercer, existindo financiamento, as competencias que lles atribúa a lexislación sectorial vixente na data de entrada en vigor desta Lei.

A regulación das competencias municipais, polo tanto, queda diferida ao legislador estatal ou autonómico.

Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- Ano 2014: expte. 6581/320*
- Ano 2013: expte. 6113/320*
- Ano 2012: expte. 5771/320*

Así, como se indicou anteriormente, o art. 25 contén unha garantía institucional mínima, que non atribúe competencias directas nin constitúe un teito competencial e cuxa relación de materias, á vista do exposto, pode completarse por leis estatais e autonómicas de distinta natureza.

Si ben o devandito artigo, como xa se expuxo anteriormente, non contempla a actividade de fomento como unha competencia propia municipal, existen competencias municipais que puideran resultar afectadas polas actividades que, indirectamente, se intentan promocionar a través da subscrición deste convenio. En particular, a letra e) do referido artigo, inclúe como materia na que as EELL poden exercer competencias propias, a "... atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social". Así mesmo, o municipio exercerá competencias en materia de "promoción da cultura..." (letra m).

En relación co anterior e segundo consta nos estatutos da fundación, no artigo 6, a entidade ten por obxecto a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, teatro, plástica e arte para todos, e en particular, potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais, etc, e entre as actividades que se relacionan na memoria ue achegan, se inclúen programas de educación musical, expresión teatro, e expresión plástica creativa.

Pola súa parte, a DA1ª da referida lei dispón que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da Lei 27/13, de RSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose por dita lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A Lei 7/1985 (LRBRL), na parte adicada a información e a participación cidadá, dispón, no seu artigo 72, que as Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a mas ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, no uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da corporación nos termos do número 2 do artigo 69. Neste mesmo sentido, o artigo 255 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, dispón que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, que terán a consideración de entidades de participación cidadá. E, para a dita finalidade, contempla a posibilidade de asignación de medios e a distribución de axudas.

A maior abundamento, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS), contempla como un dos tipos de actividade das Entidades Locais, a de fomento e dispón, no seu artigo 25, que as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local. Na mesma liña se pronuncia o artigo 232.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal, os concellos poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

Tamén o Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992 e modificado por acordo de 31/03/1993, sinala, entre os seus obxectivos, “facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal”, “achegar a xestión municipal ao cidadá”, e “fomentar o asociacionismo cidadá” (artigo 2), establecendo que, nos presupostos se incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do asociacionismo (artigo 12)

3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38^a.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención

- réxime xurídico aplicable
- beneficiarios e modalidade de axuda
- crédito orzamentario
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.16º da resolución da Alcaldía de data 29/07/2014, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario que foi aprobado, con carácter definitivo, polo Pleno xeral, o 13 de xuño de 2014 (expte: 27/142), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “Convenio Fundación Iguarte”, cunha dotación de 24.000,00 €

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Fundación Igual Arte", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 851/03, segundo resolución da Alcaldía de data 05/06/2003.

5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de "que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...", "... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública", e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos de persoas con discapacidade e a súa inclusión social (BOE núm. 289, de 3 de decembro), dispón no seu artigo 1.a) que a mesma ten por obxecto garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo dos dereitos por parte das persoas con discapacidade en igualdade de condicións respecto do resto dos cidadáns e cidadás, a través da promoción da autonomía persoal, da accesibilidade universal, do acceso ao emprego, da inclusión da comunidade e a vida independente e da erradicación de toda forma de discriminación, conforme aos artigos 9.3, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.

Asemade, no Título I, o artigo 57 establece, como obriga dos poderes públicos, entre outras, a garantía dos apoios adecuados, a orientación, a inclusión social e laboral, o acceso á cultura e ao lecer, para o cal, participarán, nos seus correspondentes ámbitos competenciais, as administracións públicas, os interlocutores sociais e as asociacións e persoas xurídico-privadas.

Engade o artigo 59 da devandita norma que os poderes públicos desenvolverán cantas accións sexan necesarias para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación na colaboración con organizacións representativas das persoas con discapacidade a as súas familias.

Por último, o artigo 72 dispón que as administracións públicas, e entre elas, as entidades locais, ampararán a iniciativa privada sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento destas actividades mediante, entre outras medidas, o apoio económico, debendo recibir especial atención, as entidades sen ánimo de lucro promovidas polas propias persoas con discapacidade, os seus familiares ou representantes legais.

En relación co anterior, o art. 6 dos Estatutos da Fundación Igual Arte contempla, os fins e actividades da entidade, que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona con este convenio, todos eles de interese par a cidadanía viguesa, como son potenciar o benestar persoal das persoas con discapacidades e necesidades educativas especiais, crear un espacio activo integrador, fomentando actividades lúdico-artísticas que melloren ao tempo libre e lecer

Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, “as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...”.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades reivindicativas, veciñais, festivas deportivas e culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico e da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.

Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter socioeducativo que redundan no beneficio da cidadanía.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Fundación Igual Arte para subvencionar os gastos de aluguer do local social, necesarios para levar a cabo as actividades socioeducativas e lúdico-formativas, dirixidas a potenciar o benestar das persoas con discapacidades e necesidades educativas especiais, programadas pola entidade para 2015, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Desta vontade común entre o Concello e a Fundación Igual Arte nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal prorrogado, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4890012, denominada “Convenio Fundación Igual Arte”, cunha dotación orzamentaria de 24.000 €.

As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.

Examinado o orzamento de gastos achegado pola entidade para o ano 2015, comprobouse que o gasto realizado pola Fundación Igual Arte en concepto de “arrendamento local” entre os meses de xaneiro a outubro, que constitúe o obxecto do convenio, ascende a 15.000, polo que, esa será a contía a subvencionar.

7. DOCUMENTACIÓN

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 2.7.1 denominado “Cultura e Arte. Artística. Música, teatro e danza”, co número 851/03, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan, primeiramente, o exercicio dos dereitos recoñecidos nese regulamento, entre eles, a percepción de calquera subvención, á inscrición da interesada no RMA.

b) A Fundación Igual Arte, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

2. Declaración responsable da representante da entidade, de data 26/02/2015:

- de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS
- de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- de que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- Proxecto de actividades da entidade para o ano 2015 para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2015:

- a) Programa artístico
- b) Programa de educación musical
- c) Programa de expresión teatro-corporal
- d) Programa de expresión plástica creativa
- e) Clases individualizadas
- f) Celebracións (festa Nadal, entroido, fin de curso)
- g) Eventos artísticos (exposicións, concertos...)

O orzamento de gastos que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (xaneiro- outubro 2015)	
Arrendamento local	15.000,00 €
Compras de mat. Actividades, alimentación	10.000,00 €
Outros aprovisionamentos: material oficina, product. limpeza	1.000,00 €

<i>Trab. realizados por outras empresas: comedor, psicólogo, transporte</i>	23.000,00 €
<i>Arrendamento almacén</i>	3.700,00 €
<i>Reparacións e conservación local e vehículos</i>	3.300,00 €
<i>Primas de seguros</i>	2.500,00 €
<i>Servizos bancarios e similares</i>	750,00 €
<i>Subministros</i>	5.500,00 €
<i>Outros servizos</i>	3.800,00 €
<i>Outros tributos</i>	200,00 €
<i>Soldos e salarios</i>	79.000,00 €
<i>Seguridade Social</i>	25.000,00 €
<i>Outros gastos sociais: formación, prevención da saúde</i>	775,00 €
<i>Xuros de débedas</i>	100,00 €
<i>Amortización I. Material</i>	15.500,00 €
TOTAL	189.125,00 €

2. *Certificación do secretario, conformada pola presidenta da entidade, segundo o cal, o 26/02/2015, o Padroado da Fundación acordou solicitar a formalización do convenio de colaboración co Concello de Vigo.*

3. *Certificado do secretario da entidade, da mesma data, segundo o cal, o 26/02/2015, o Padroado da Fundación acordou nomear a D^a Cristina Lago Pérez, responsable da sinatura do Convenio de colaboración co Concello de Vigo. Acompáñase fotocopia do seu DNI.*

4. *O anterior certificado inclúe os membros que compoñen o Padroado.*

5. *Memoria de actividades realizada durante o ano 2014, acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos.*

6. *Previsión anual de gastos e ingresos para o período subvencionable.*

7. *Certificación de código conta cliente (CCC) nº 2080 0560 90 3040004695 de Abanca, emitida pola entidade bancaria o 16/03/2015*

8. *Fotocopia da Escritura de constitución da Fundación Igual Arte.*

9. *Fotocopia da Escritura de modificación de Estatutos e cese e nomeamento do Padroado da Fundación.*

10. *Fotocopia do contrato de arrendamento.*

11. *Declaración responsable do presidente, de data 26/02/2015, de non ter percibido nin solicitado outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da unión europea ou de organismos internacionais.*

12. *Autorización do representante legal da federación, de data 26/02/2015, ao servizo de Participación Cidadá para solicitar a expedición informática ou telemática dos certificados que acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración.*

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

8. ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)

O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.

10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

De conformidade coa Base 38ª.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.

Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Segundo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2015.

A Base 38ª.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si*

- se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
 - en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
 - se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
 - no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
 - de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
 - as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
 - cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente*
 - para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo*
 - as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
 - non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
 - o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
 - xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
 - cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
 - cando se inclúan gastos de seguros, xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras

axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0560 90 3040004695 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 16/03/2015, emitido pola entidade bancaria

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

Xustificarase o gasto polo concepto e importe solicitado: o gasto subvencionado ten carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

A proposta de recoñecemento da obriga e pagamento en execución do convenio, remitirase, como indica a Base 40ª.5 das BEP, á Intervención acompañada de copia do convenio asinado, acordo da XGL que aprobou o texto do convenio, certificación do centro xestor acreditativa do cumprimento do convenio e fase e número do documento contable emitido como consecuencia da fiscalización efectuada.

11. SUBCONTRATACIÓN

En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

12. SINATURA DO CONVENIO

O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da entidade Fundación Igual Arte (CIF.- G-36427524), por D^a Cristina Lago Pérez (36143539M), en calidade de presidenta.

Polo que respecta a Fundación Igual Arte, tal e como se indicou anteriormente, incorporouse ao expediente, certificado do secretario da entidade, de data 26/02/2015, segundo o cal, coa mesma data, o Padroado da Fundación Igual Arte acordou nomear a D^a Cristina Lago Pérez como persoa responsable da sinatura do convenio. Pola súa parte, o art. 15.a) dos estatutos da entidade atribúelle á presidenta a facultade de representar á fundación en todos os asuntos e actos administrativos.

13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.16º da Resolución de delegacións do alcalde de data 29/07/2014, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890012, denominada "Convenio Fundación

Igual Arte”, incluída no vixente orzamento municipal (2015), a favor da entidade Fundación Igual Arte.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Igual Arte (CIF:- G-36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social entre os meses de xaneiro a outubro, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2015, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL, ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO, NECESARIO PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 36143539M, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: 36427524), con domicilio social Rúa Casiano Martínez, nº 32- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6982/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de

Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "Fundación Igual Arte", ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- ✓ Crear un espacio activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.*
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.*
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.*
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.*
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Fundación Igual Arte" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2015, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014 a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada "Convenio Fundación Igual Arte".

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2015, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Casiano Martínez, nº 32- baixo son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Programa artístico
2. Programa de educación musical
3. Programa de expresión teatro-corporal
4. Programa de expresión plástica creativa
5. Clases individualizadas
6. Celebracións (festa Nadal, entroido, fin de curso)
7. Eventos artísticos (exposicións, concertos...)

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é de 15.000 € (quinze mil euros).

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (xaneiro- outubro 2015)	
Arrendamento local	15.000,00 €
Compras de mat. Actividades, alimentación	10.000,00 €
Outros aprovisionamentos: material oficina, product. limpeza	1.000,00 €
Trab. realizados por outras empresas: comedor, psicólogo, transporte	23.000,00 €
Arrendamento almacén	3.700,00 €
Reparacións e conservación local e vehículos	3.300,00 €
Primas de seguros	2.500,00 €
Servizos bancarios e similares	750,00 €
Subministros	5.500,00 €
Outros servizos	3.800,00 €
Outros tributos	200,00 €

<i>Soldos e salarios</i>	79.000,00 €
<i>Seguridade Social</i>	25.000,00 €
<i>Outros gastos sociais: formación, prevención da saúde</i>	775,00 €
<i>Xuros de débedas</i>	100,00 €
<i>Amortización I. Material</i>	15.500,00 €
TOTAL	189.125,00 €

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, asistencial... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Fundación Igual Arte, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Fundación Igual Arte comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Fundación Igual Arte" unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada "Convenio Fundación Igual Arte", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Fundación Igual Arte".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2015.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Fundación Igual Arte mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2015.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a

concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza

destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0560 90 3040004695 (ABANCA).

Décimo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Xustificarase o gasto polo concepto e importe solicitado: o gasto subvencionado ten carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal,

sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.

22(605).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO INCOADO AO POLICÍA Nº 294463. EXPTE. 42774/212.

Examinadas as actuacións do expediente, e de conformidade co informe-proposta asinado polo instrutor e o secretario do expediente disciplinario referido, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Imponer al funcionario de carrera con puesto de trabajo de policía local, con nip 294463 , una sanción de 5 días de suspensión de funciones como autor de una falta disciplinaria de carácter grave tipificada en el apartado a) del artículo 80 de la ley 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locales de Galicia, por la grave desconsideración hacia el compañero con nip 294908 al propinarle una leve colleja y proferir la expresión “ que te vayas a la mierda imbécil” el 07/01/2014 en las instalaciones de la Jefatura.

Sobreseer al mismo funcionario por falta de pruebas en relación a los hechos que también fueron objeto del procedimiento disciplinario: “intento de influir en el compañero con identificación 294908 para que no le tramitara una denuncia de radar por exceso de velocidad el 06/01/2014, al vehículo de su propiedad matrícula 5369-GRF.

2º.- Notifíquese el presente Acuerdo a los interesados y a la Unidad de Personal a los efectos que procedan

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(606).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A PARA O SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 26579/220.

Visto o informe de fiscalización do 11.05.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 6.05.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 8 de abril de 2015, o Xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, conformado polo Concelleiro-delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha subalterno/a, que permita desenvolver as funcións de portería e atención ao público en xornada partida de luns a sábado, na Oficina municipal de información e atención ao público do centro socio-cultural "A Miñooca", sito na rúa Fotógrafo Luis Kasado desta cidade, tales como a apertura e peche das instalacións, atención ao público e telefónica, vixilancia e control de accesos, actualización do taboleiro de anuncios, elaboración do parte de incidencias, coidado do perfecto estado do material e ferramentas utilizadas e rexistro do persoal de mantemento, reparacións e provedores que accedan á instalación.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 28 de abril de 2015, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Participación e Atención Cidadá, nos termos da solicitude da seu Xefe do Servizo e conforme do correspondente concelleiro-delegado de data 08 de abril pasado.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalterna da aspirante que figura na posición núm. 34, D^a. PATRICIA ROMERO GIL-DELGADO, DNI 36.048.450-K, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto. Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 14, 19, 20, 22, 23, 26, 28 e 31, atópanse na actualidade prestando servizos

neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 24173/220, 25782/220, 25952/220 e, 26242/220. Así mesmo, as aspirantes que figuran nas posicións 3 e 10, ocupan as derradeiras posicións na lista ao ter renunciado voluntariamente con ocasións da elaboración dos expedientes 25476 e ao que se refire esta proposta, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada . Por último, a aspirante núm. 13-González Arias, Olga, figura proposta como auxiliar administrativa no expediente 26504/220, pendente de aprobación. Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos 16, 17, 18, 21, 24 e 25 presentaron unha renuncia anterior, polo que se atopan nos derradeiros postos na lista. Así mesmo os/as aspirantes núms. 1, 2, 4 e 5 foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 25476/220, tomando posesión en data 04/08/2014, polo que ata o vindeiro 04/08/2015 non están en condicións de ser novamente nomeados/as. Os/as aspirantes núms. 7, 8, 9, 11, 12 e 15 foron nomeados con ocasión da aprobación dos expedientes 25320/220 e 25733/220, tomando posesión en data 23/06/2014 e 27/10/14, polo que ata os vindeiros 23/06/2015 e 27/10/15 non están en condicións de ser novamente nomeados/as. Por último, os/as aspirantes núms. 14, 19, 20, 22 e 26, foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 24173/220, 25782/220 e, 25952/220, estando na actualidade prestando servizos en Conserxería . Así mesmo, os aspirantes num. 23, 28 e 31 foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 26242/220 pola Xunta de Goberno local na súa sesión de 27/02/15, tomando posesión en data 02/03/2015 estando en situación de servizo activo nesta Administración.

En consecuencia, corresponde o nomeamento da aspirante núms. 34-D^a. Patricia Romero Gil-Delgado, proposta, tendo en conta que a mesma leva máis de seis meses dende que finalizou os seu derradeiro nomeamento interino por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do EBEP como subalterna, en data 21 de xuño do ano 2012, polo que está en condicións de ser novamente nomeada.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 24 de abril de 2009, que modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopan prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de

abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-Ordenanza-Porteiro) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que os/as citados/as candidatos/as superaron os exercicios da correspondente oposición para cubrir en propiedade prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá conformado polo concelleiro-delegado da Área de data 19 de outubro pasado, que obra no expediente.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 21.2 da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como é o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixiancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instruccións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 10.256,10€, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Subalterno/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Participación e Atención Cidadá, contidas no escrito de data 13 de outubro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.256,10€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario/as interinas por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D^a. PATRICIA ROMERO GIL-DELGADO, DNI 36.048.450-K, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran

os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscrita ao Servizo de Atención Cidadá (cód. 321).

Cuarto.- A xornada laboral da traballadora nomeada desenvolverase de luns a sábado, en xornada partida, en horario de mañán e tarde, según ás necesidades do Servizo que garantan ós seus periodos de descanso regulamentarios.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(607).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS SUBALTERNOS/AS, PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. NÚM.: 26564/220.

Visto o informe de fiscalización do 11.05.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 6.05.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 15 de abril de 2015, a Xefa de Subalternos, remite oficio, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior, manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escasez de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Rectorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 28 de abril de 2015, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de dous/dúas subalternos/as por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, nos termos da solicitude da súa xefa de Servizo de data 15 de abril pasado.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de

Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalternos/as das aspirantes que figuran nas posicións nºs 27-DÍAZ ÁLVAREZ, PABLO, DNI 36.124.763-C e, 32-SOTO HERMIDA, JOSÉ MIGUEL, DNI 36.106.460-W, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto. Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 14, 15, 19, 20, 22 e 26 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 24173/220, 25733/220, 25782/220 e, 25952/220. Así mesmo, as aspirantes que figuran nas posicións 3 e 10, ocupan as derradeiras posicións na lista ao ter renunciado voluntariamente con ocasión da elaboración dos expedientes 25476 e ao que se refire este proposta, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada e, a aspirante que figura no núm. 10 que tiña sido nomeada alguacil/notificadora, presentou renuncia por mellora de emprego con data 19/10/2014 no expte. 24625/220. Por último, a aspirante núm. 13-González Arias, Olga, figura proposta como auxiliar administrativa no expediente 26504/220, pendente de aprobación. Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos 16, 17, 18, 21, 24 e 25 presentaron unha renuncia anterior, polo que se atopan nos derradeiros postos na lista. Asimesmo os/as aspirantes núms. 1, 2, 4 e 5 foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 25476/220, tomando posesión en data 04/08/2014, polo que ata o vindeiro 04/08/2015 non están en condicións de ser novamente nomeados/as. Os/as aspirantes núms. 7, 8, 9, 11 e 12 foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 225320/220, tomando posesión en data 23/06/2014, polo que ata o vindeiro 23/06/2015 non están en condicións de ser novamente nomeados/as. Por último, os/as aspirantes núms. 14, 15, 19, 20, 21 e 26, foron nomeados con ocasión da aprobación dos expedientes 24173/220, 25733/220, 25782/220 e 25952/220, estando na actualidade prestando servizos de Conserxería e Participación Cidadá. Así mesmo, os aspirantes num. 23, 28 e 31 foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 26242/220 pola Xunta de Goberno local na súa sesión de 27/02/15, tomando posesión en data 02/03/2015 estando en situación de servizo activo nesta Administración.

En consecuencia, corresponde o nomeamento das aspirantes núms. 27-Díaz Álvarez, Pablo e 32-Soto Hermida, José Miguel, propostos/as tendo en conta que as mesmas levan mais de seis meses dende que finalizaron os seus derradeiros nomeamentos interinos por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do EBEP como subalternos/as, expte. 24584/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 13/12/13, rematando os mesmos en data 06/07/2014 e 15/06/14, respectivamente, polo que dende o pasado 07/01/2015 e 16/12/2014, xa estaban en condicións de ser novamente nomeados.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 24 de abril de 2009, que modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres

11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-Ordenanza-Porteiro) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que os/as citados/as candidatos/as superaron os exercicios da correspondente oposición para cubrir en propiedade prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición asinado pola Xefa de Subalternos conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior de data 11 de decembro pasado, que obra no expediente.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a

funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instruccións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 20.512,20€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral

se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 15 de abril de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 20.512,20€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. PABLO DÍAZ ÁLVAREZ, DNI 36.124.763-C e, D. JOSÉ MIGUEL SOTO HERMIDA, DNI 36.106.460-W, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referido nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores nomeados desenvolverase en horario de mañán ou de tarde según as necesidades do Servizo de Conserxería.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(608).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE DIFERENTES SERVIZOS MUNICIPAIS, CORRESPONDENTES AO PERÍODO XANEIRO-MARZO 2015. EXPTE. 26578/220.

Visto o informe de fiscalización do 8.05.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 4.05.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área e Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Participación Cidadá; Conserxería, Cemiterios e Benestar Social.

Nos correspondentes a os servizos de Participación Cidadá, Conserxería, Cemiterios e Benestar Social inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

No caso do expediente 73800-250, a Comisión de Goberno en data 20/10/2003 acordou recoñecer unha indemnización por importe de 120,20 € mensuais a D Alfonso Berros Perez, actualmente Xefe da Unidade de Mantemento dos Viais Municipais. Incorpórase en dito expediente relación dos servizos encomendados consistentes no control das obras de mantemento, medición e toma de datos para a redacción de proxectos, subdirección de obras municipais, supervisión de proxectos, informes de expedientes que afectan á vía pública, etc., incluíndo relación de expedientes e localización das obras.

Procédese por este servizo de Recursos Humanos a comprobar que non proceden deducións do citado importe, polos días nos que o empregado puidera disfrutar de vacacións, asuntos propios, permisos, etc, tal e como se recolle no Acordo citado.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de 1.815,05 €.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétase no listado subseguinte -que comeza por D. Alfonso Berros Pérez e que remata en D. Alberto Riobó Veiga-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
73800-250	VÍAS E OBRAS	Berros Pérez, Alfonso	32.873.182-H	78966	1º Trimestre 2015	360,60 €
6991-320	PROM. ECON.	Francisco J. Gutiérrez Orúe	13.894.232-R	13920	Febreiro, marzo 2015	37,38 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
351-201 357-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Febreiro, marzo 2015	563,16 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Febreiro, marzo 2015	590,71 €
10479-255 10511-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Febreiro, marzo 2015	209,76 €
106075-301	BENESTAR SOCIAL	Riobó Veiga, Luis Alberto	78.736.786-N	80677	Marzo 2015	53,44 €
TOTAL						1.815,05 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 24 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

II.- Artigos 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

"Aprobar o gasto por un importe de 1.815,05 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Alfonso Berros Pérez e que remata en D. Alberto Riobó Veiga-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
73800-250	VÍAS E OBRAS	Berros Pérez, Alfonso	32.873.182-H	78966	1º Trimestre 2015	360,60 €
6991-320	PROM. ECON.	Francisco J. Gutiérrez Orúe	13.894.232-R	13920	Febreiro, marzo 2015	37,38 €
351-201 357-201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Febreiro, marzo 2015	563,16 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Febreiro, marzo	590,71 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
					2015	
10479-255 10511-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Febreiro, marzo 2015	209,76 €
106075-301	BENESTAR SOCIAL	Riobó Veiga, Luis Alberto	78.736.786-N	80677	Marzo 2015	53,44 €
TOTAL						1.815,05 €

Das seguintes partidas funcionais:

	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	360,60 €
2410	Participación Cidadá	37,38 €
9200	Conserxería	1.153,87 €
1640	Cemiterios	209,76 €
2310	Benestar Social	53,44 €
	TOTAL	1.815,05 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(609).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SIN SER OFICIAIS CONDUTORES DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS, CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DE 2015. EXPTE. 26536/220.

Visto o informe de fiscalización do 4.05.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 29.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área e Xestión municipal, que di o seguinte:

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado polos Xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, informes dos servizos de Desinfección, Educación, Protección Civil, Museos, Sanidade, Parque Central, Xuventude, Medio Ambiente, Vías e Obras, Electromecánicos e Xuventude, que conteñen relación do persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por conducción de vehículo municipal sin sen oficiais condutores, correspondentes ao 1º trimestre-2015.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Da análise da documentación comprobouse a existencia de relacións do persoal dos distintos servizos propostos para o aboamento do complemento de produtividade, con indicación individualizada dos días traballados e importes según o estipulado na instrucción precitada así como o vehículo utilizado, número de flota. Así mesmo as xefaturas de servizos informan dos traballos desenvolvidos utilizando os vehículos referenciados en ditos informes no primeiro trimestre do ano 2015. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en harmonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais conductores, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 1º trimestre-2015, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 5.161,94 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a

períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO I

Servizo	Relacións	TOTAL
Desinfección	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Fernández, Alberto	415,74 €
Educación	Puentes Rodríguez, Eladio	135,20 €
Protección Civil	Sande Vázquez, José Antonio	182,52 €
Museos	Vázquez Martínez, Ramón	158,86 €
Limpeza	De Fernández Pérez, Fernando a Sola Quiroga, Constantino	571,22 €
Sanidade	Barreira Pazos, Antonio	43,94 €
Parque Central	Alonso Alonso, Miguel Ángel	74,36 €
Xuventude	Santiago Dacosta, Francisco	193,00 €
Medio Ambiente	De Álvarez Díaz, Roberto a Hervada Ventin, Andrés	344,76 €
Vías e Obras	De Aonso Correa, José Fernando a Vázquez de Francisco, José Luis	2.426,84 €
Electromecánicos	De Bea Puentes, Francisco J. a Cores Cobas, Julio	422,50 €
Xuventude	De Santiago Dacosta, Francisco	193,00 €
		5.161,94 €

Consta no expediente ampliación de informe, de data 8.05.15, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 29.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área e Xestión municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(610).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DOS CONDUTORES ADSCRITOS AO GABINETE DE ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2015. EXPTE. 26569/220.

Visto o informe de fiscalización do 8.05.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 4.05.15,

conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área e Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de conductor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requiridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a través de escrito de data 27 de abril de 2015, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base i) da Instrucción 3ª sobre plantilla e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 28/04/15, autorizou o referido o abono dun complemento de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo durante o derradeiro trimestre do pasado ano.

Fundamentos de dereito:

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo corresponde a Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicadas no BOP de data 16 de novembro seguinte, en concreto a citada instrucción 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridad da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Xunta de Goberno Local e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considérase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,58€ hora normal e de 7,17€ hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

–D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.812,97€.

–D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.682,31€.

O importe deste expediente ascende a un total de 3.495,28€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -productividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senon dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concurrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, o técnico de organización e planificación que subscribe, coa conformidade da xefa do servizo de Recursos Humanos, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante ó 1º trimestre do presente ano 2015, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 27de abril de 2015:

–D. Manuel A. Vázquez Martínez, núm. persoal 18253, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.812,97€.

–D. Camilo Fontán Balbuena, núm. Persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.682,31 €.

O importe total deste expediente, que ascende a un total de 3.495,28€, imputarase con cargo a partida 920.0.150.00.00 -productividade-, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(611).- DOMINGO, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO 2015. EXPTE. 26555/220.

Visto o informe de fiscalización do 8.05.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 23.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área e Xestión municipal, que di o seguinte:

Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Marzo de 2015, todas elas co visto e prace dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Marzo	143,00	574,86	26,00	70,72	645,58
Extinción Incendios	Marzo	846,00	3.400,92	246,00	669,12	4.070,04
Policia Local	Marzo	10.526,53	42.316,68	10.690,56	29.078,33	71.395,01
Cemiterios	Marzo	623,50	2.506,55	0,00	0,00	2.506,55
Parque Móbil	Marzo	39,00	156,78	40,00	108,80	265,58
Turismo	Marzo	133,00	534,66	0,00	0,00	534,66
Bibliotecas	Xanei a Marzo	60,00	241,20	0,00	0,00	241,20
Museo	Marzo	101,50	408,03	0,00	0,00	408,03
Limpieza	Marzo	0,00	0,00	3,00	8,16	8,16
Parque Central	Marzo	240,00	964,80	279,00	758,88	1.723,68
Vías e Obras	Marzo	49,00	196,98	0,00	0,00	196,98
Electromec	Marzo	6,00	24,12	3,00	8,16	32,28
IMD	Marzo	37,50	150,75	14,50	39,44	190,19
TOTAIS		12.805,03	51.476,33	11.302,06	30.741,61	82.217,94

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Extinción de Incendios, Policía Local, Cemiterios, Parque Móbil, Turismo, Bibliotecas, Museo, Limpeza, Parque Central, Vías e Obras e Electromecánicos .

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Numero de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos:

No caso dos policías-seguridad de Alcadia, amais da relación de datas e franxa horaria, dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcadia.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da area, de data 07/04/2015.

Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Parque Móbil.- en informes de data 07/04/2015, o xefe do Parque Móbil remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrompido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Bibliotecas.- Dado que a Biblioteca Juan Compañel desenvolve un horario de atención ao público de luns a sábados, o persoal que adscrito a mesma ten que desempeñar as súas funcións segun os turnos estalecidos, incluídos os sábados en horario de 10.00 a 14.00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Museos.- O aboamento dos recargos por festividade ao personal do Servizo de Museos correspóndese co horario de apertura ao público de ditas instalacións e a imprescindible presenza do persoal municipal.

Limpeza.- Proponse o aboamento ao persoal do servizo, en concepto de nocturnidade, polo desenvolvemento de funcións de inspección contratadas de limpeza en horario fora da xornada laboral, considerado nocturno (22:00 a 24:00h e 5:45 a 6:45 h).

Parque Central.- Con data 06/04/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, remite informe sobre horario de execución das tarefas de vixilancia que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Vías e Obras.- En informe de data 07/04/2015, o enxeñeiro técnico industrial e o xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestructuras, conformado polo Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das tarefas relacionadas coa festa da Reconquista e Semana Santa, levadas a cabo en sábado, polo que correspóndelle o aboamento do recargo de festividade.

Electromecánicos.- Asinado polo Xefe do Servizo de electromecánicos e conformado polo Concelleiro delegado da Área, relacionase expte 26443-220 no que se autoriza a D Julio Cores Cobas a realización de 6 horas en exceso sobre a súa xornada habitual, a realizar durante o sábado 14 de marzo de 2015, para realizar os traballos de conexión e desconexión eléctrica para a proxección do "video-mapping", organizado polo Concello a través da Concellería de patrimonio Histórico.

IMD.- Achegase informe do director técnico do IMD, de data 5/04/2015, no que se xustifica o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade no desempeño das funcións do posto de axudante de mantemento.

Inclúese no presente expediente relación de persoal do Servizo da Policía Local ao que lle corresponde o aboamento dos recargos por festividade e nocturnidade, polo desempeño das súas funcións segun turnos de traballo (cuadrante), exceso de xornada ou asistencia a xulgados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

"Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Marzo	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	574,86	70,72	645,58
Extinción Incendios	Marzo	De Alonso Barcia, Rubén a Villar Comesaña, José Antonio	3.400,92	669,12	4.070,04
Policia Local	Marzo	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	42.316,68	29.078,33	71.395,01
Cemiterios	Marzo	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.506,55	0,00	2.506,55
Parque Móbil	Marzo	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	156,78	108,80	265,58
Turismo	Marzo	De Barreiro Fidalgo, Natalia a Mosquera González, Antía	534,66	0,00	534,66
Bibliotecas	Xaneiro a Marzo	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruiz de Ocenda, Josefa	241,20	0,00	241,20
Museo	Marzo	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	408,03	0,00	408,03
Limpieza	Marzo	De Garrido Marcos, Jesús Manuel	0,00	8,16	8,16
Parque Central	Marzo	De Aira Pereiro, Antonio a Rodríguez Leiros, Alfonso	964,80	758,88	1.723,68
Vías e Obras	Marzo	De Alonso Correa, José Fernando a Rodríguez Prieto, Federico o	196,98	0,00	196,98
Electromecánicos	Marzo	De Cores Cobas, Julio	24,12	8,16	32,28
IMD	Marzo	De Alves Cerqueira, Antonio	150,75	39,44	190,19
TOTAIS			51.476,33	30.741,61	82.217,94

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 82.217,94 €, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(612).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTES AO MES DE MARZO DE 2015. EXPTE. 26533/220.

Visto o informe de fiscalización do 6.05.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 23.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área e Xestión municipal, que di o seguinte:

“Recíbesen escritos da xefa de negociado do servizo de Cemiterios en datas 30/01/2015 e 06/04/2015, co visto e praxe da Concellería delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Marzo de 2015 e atrasos dos meses de outubro, novembro e decembro-2014 de dona M^a Concepción Cousiño Sendin, na que se indica N^o de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 15/04/2015 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal –e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará –entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 –en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto

dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en rexime de xornada partida, por un importe de 3’64 € día, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos

Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de 1.219,40 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

XORNADA PARTIDA CEMITERIOS MARZO 2015			
N.P.	Apelidos e nome	Días traballados	Importe
23490	Alfonso Paz, Jesús	21	76,44 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	18	65,52 €
13600	Cabaleiro González, José	17	61,88 €
77225	Cid González, Alberto	20	72,80 €
82216	Comis González, Esteban	13	47,32 €
77691	Conde Lorenzo, Héctor	21	76,44 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	19	69,16 €
82456	Costas Villar, Alberto	19	69,16 €
79828	Cousiño Sendin, M ^a Concepción	17	214,76 €
78924	González Seijo, Antonio	11	40,04 €
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	20	72,80 €
76563	Pereira Fona, Juan José	20	72,80 €
82187	Quintas Pérez, Jose Juan	18	65,52 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	19	69,16 €
77224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	20	72,80 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	20	72,80 €
TOTAL			1.219,40 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(613).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS, CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO 2014 E FEBREIRO 2015. EXPTE.26427/220.

Visto o informe de fiscalización do 6.05.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 07.04.15 e ampliación de informe do 28.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área e Xestión municipal, que di o seguinte:

“Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

*Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de **outubro-2014 e febreiro-2015** (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Parque Central, Museo, Montes, Parques e Xardíns, Parque Móbil, Limpeza e Conserxería).*

Nº DOCUMENTO	SERVIZO	MES	Nº HORAS	EXPT. AUTORIZACION
150025764	Alcaldía (Condutores)	Febreiro-2015	161'00	
150025888	Extinción de Incendios	Febreiro-2015	445'00	
150028050	Policia Local (Xulgados)	Febreiro-2015	432'00	
150028049	Policia Local (Horas en exceso)	Febreiro-2015	465,33	
140134858	Inspección Vías e Obras	Outubro-2014	90'00	25635/220
150026868	Ospio	Outubro-2014	64'00	25648/220
150022163	Vías e Obras	Outubro-2014	140'00	25654/220
150024164		Outubro-2014	15'00	
150024593		Outubro-2014	45'00	
150024586	Parque Central	Outubro-2014	44'00	25709/220
150024623		Outubro-2014	48'00	
150024869	Museo	Outubro-2014	10'00	942/341
150027550	Montes, Parques e Xardíns	Outubro-2014	16'00	
150024639	Parque Móbil	Outubro-2014	32'00	25676/220
150024649	Limpeza	Outubro-2014	16'00	25636/220
150016450		Outubro-2014	15'00	
150029378	Conserjería	Novembro-2014	16'44	

Nos documentos remitidos indícase nome, numero de persoal , servizo ao que esta adscrito o

empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e Servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 26427-220 e que se corresponden cos Documento 150025764 (Alcaldía), Documento 150025888 (Extinción de Incendios), Documento 150028050 (Policía Local- Xulgados), Documento 150028049 (Policía Local-Horas en exceso), Documento 140134858 (Inspección Vías e Obras), 150026868 (Ospio) 150022163, 150024164 e 150024593 (Vías e Obras) 150024586 e 150024623 (Parque Central), Documento 150024869 (Museo), Documento 150027550 (Montes, Parques e Xardíns), Documento 150024639 (Parque Móbil) 150024649 e 150016450 (Limpeza) e Documento 150029378 (Conserxería), figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 20.022'41 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

"Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Febreiro-2015	161'00	De Vázquez Martínez, Manuel a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Febreiro-2015	445'00	De Alonso Barciela, Rubén a Villar Comesaña, José Antonio
Policia Local (Xulgados)	Febreiro-2015	432'00	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo
Policia Local (Horas en exceso)	Febreiro-2015	465'33	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Villa Agulla, Fernando
Inspección Vías e Obras	Outubro-2014	90'00	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio
Ospio	Outubro-2014	64'00	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
Vías e Obras	Outubro-2014 Outubro-2014 Outubro-2014	140'00 15'00 45'00	De Amoedo Cabaleiro, José Luis a Prieto Domínguez, Florentino
Parque Central	Outubro-2014 Outubro-201	44'00 48'00	De Aira Pereiro, Emilio a Troncoso Martínez, Avelinorncoso Martínez, Avelino
Museo	Outubro-2014	10'00	De Vázquez Martínez, Ramón
Montes, Parques e Xardíns	Outubro-2014	16'00	De Maia Pereira, Antonio
Parque Móbil	Outubro-2014	32'00	De Riveiro Rodríguez, José a Romero Cobas, José Luis
Limpeza	Setembro-2014 Outubro-2014	15'00 16'00	De Quintas Pérez, Manuel
Conserxería	Novembro-2014	16'44	De Ocampo Carracelas, Vanesa

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(614).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DO EXPTE. NÚM.: 26348/220. EXPTE. 26614/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12/05/15, da técnica de Formación de RR HH conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 29 de abril de 2015, acordou aprobar a realización da campaña de desratización do termo municipal 2015, expte. 26348-220, nos termos da proposta contida no informe do Servizo de Recursos Humanos.

No informe porposta deste Servizo, de data 05/03/2015, recollese que o persoal que participará na campaña 2015 será:

NOME	Nº PERSOAL	POSTO DE TRABALLO
José Ramón Seijas Alvarez	16350	Capataz
Andrés Avelino Pardellas Aviión	9722	Oficial desinfectador
José Manuel Sousa Atrio	22790	Oficial desinfectador
Alberto Seijas Alvarez	81369	Oficial desinfectador
Jesús Pérez Tomé	13675	Conductor

Por erro mecanográfico no informe proposta sinalado, figura a relación de persoal que participará na campaña 2015, entre cuíos traballadores figura D. JESÚS PÉREZ TOMÉ, condutor con núm. de persoal 13675, que se atopa actualmente en situación de baixa por invalidez permanente, polo que debería constar D. MANUEL ALFONSO LÓPEZ RODRÍGUEZ, condutor con núm. de persoal 80360, en vez de D. Jesús Pérez Tomé.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado no informe-proposta do servizo de Recursos Humanos, de data de 05/03/2015, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/04/2015 (Expte. 26348-220), polo que se aprobou a realización da campaña de desratización do termo municipal 2015, autorizando a participación no desenvolvemento da campaña de desratización do seguinte persoal:

NOME	Nº PERSOAL	POSTO DE TRABALLO
José Ramón Seijas Alvarez	16350	Capataz
Andrés Avelino Pardellas Aviión	9722	Oficial desinfectador
José Manuel Sousa Atrio	22790	Oficial desinfectador
Alberto Seijas Alvarez	81369	Oficial desinfectador
Manuel Alfonso Lopez Rodriguez	80360	Conductor

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(615).- DAR CONTA Á X.G.L. DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS:

A) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN VOLUNTARIA DO EMPREGADO PÚBLICO D. AMANTINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, CON DATA DE EFECTOS 12.05.2015. EXPTE. NÚM.: 26284/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/05/15, da xefa de Réxime Interior que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- A medio de instancia de data 18 de febreiro de 2015, D. Amantino Fernández Fernández, con DNI 35.541,630-Y, e nº de persoal 12440, solicita a xubilación voluntaria con efectos do 12/05/2015 aportando informativo de xubilación da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) favorable de data 03/12/2014, acreditando que cumpre os requisitos para acceder a dita situación.

2.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, o interesado con data de nacemento 12/05/1951 é funcionario de carreira, con praza de peón e posto de ordenanza-porteiro (pto. 155), grupo E de titulación, grupo de tarifa 10, adscrito ao Servizo de Museos (14), contando a data de xubilación con 38 anos, 9 meses e 9 días, segundo informativo de vida laboral aportado polo interesado.

3.- Achégase ao presente expediente informe do Sr. Director do Museo "Quiñones de León", infórmase con data 05 de maio de 2015 en relación con dita petición.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67.2 que procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable, en relación co réxime xeral da seguridade social que lle sexa aplicable.

II.- Así mesmo, o art. 161 bis.2.B, do Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, modificado polo Real Decreto-Lei 5/2013, de 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo establece:

" Respecto del acceso anticipado a la jubilación por voluntad del interesado:

- a) Tener cumplida una edad que sea inferior en dos años, como máximo, a la edad que en cada caso resulte de aplicación según lo establecido en el artículo 161.1.a) y en la disposición transitoria vigésima, sin que a estos efectos resulten de aplicación los coeficientes reductores a que se refiere el apartado anterior.
- b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 años, sin que, a tales efectos, se tenga en cuenta la parte proporcional por pagas extraordinarias. A estos exclusivos efectos, solo se computará el período de prestación del servicio militar obligatorio o de la prestación social sustitutoria, con el límite máximo de un año.

c) Una vez acreditados los requisitos generales y específicos de dicha modalidad de jubilación, el importe de la pensión a percibir ha de resultar superior a la cuantía de la pensión mínima que correspondería al interesado por su situación familiar al cumplimiento de los 65 años de edad. En caso contrario, no se podrá acceder a esta fórmula de jubilación anticipada.

”

III.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación voluntaria do funcionario municipal D. AMANTINO FERNANDEZ FERNANDEZ, con nº de persoal 11707, na praza de peón, con data de efectos 12/05/2015, nos termos do informe do Sr. Director do Museo Quiñones de León e do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS).

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Con data 07/05/15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) AUTORIZACIÓN HORAS PARA O SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS PARA O 2º TRIMESTRE DE 2015. EXPTE. 26570/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28/04/15, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En data 23/04/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal de Parques e Xardínsa, asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas polo empregado Antonio Da Maia Pereira (nº persoal 9797), e no caso de permiso, vacacións e posibles baixas por enfermidade deste último, serán realizadas por Gerardo Sánchez Vicente (nº persoal 17555) ou Alfonso Conde Rodríguez (nº persoal 16308).

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 48 horas, a realizar durante os meses de abril maio e xuño de 2015, para realizar as tarefas de vixilancia e control nos Viveiros Municipais do Parque do Castro e ter que realizar unha hora extra sobre a xornada laboral tódolos días nos Viveiros de 15:00 a 16:00 horas.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 27/04/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para Antonio Da Maia Pereira (nº persoal 9797), do servizo de Montes, Parques e Xardíns.

A presente autorización outórgase nun máximo total de 48 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 22/04/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do

Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 29/04/15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

33(616).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.765,40 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.L. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL CORRESPONDENTES A MARZO DE 2015. EXPTE. 666/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/05/2015, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, conformado polo xefe da área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data 7 de febreiro de 2013, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Área de Fomento e en concreto no servizo de transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Área de mobilidade, transportes e seguridade .

ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobábase o seguinte :

Ante a finalización da concesión para a xestión do parking sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adjudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”. En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € (iva engadido) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que “INTERPARKING HISPANIA, S.A” asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita

facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuiríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

O expediente de adxudicación da xestión do parking estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo público con numero 429/449 en tramite na actualidade, polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :

MARZO 2015

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Parking	FE5015000005	5.445,00 €	17/04/15	150045117
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FE5015000006	19.329,40 €	16/04/15	150044454

Con data 21 DE ABRIL DE 2015 , doc. nº 150046695 Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de MARZO 2015 un total 44.950,29 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 24.765,40 € (funcionamento ordinario parking MARZO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking MARZO 2015 : 19.329,40 €).

Realízanse axustes por importe de -7.024,97 € que se explican nos documentos de data 14 e 21 DE ABRIL DE 2015 que se adxuntan o expediente polo que a cantidade que ingresan e 13.159,92 € en vez dos 20.184,89€ que procedería ingresar (doc. 150006695 nº 3)

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Inteparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
FEBREIRO	13.159,92 €	15 DE ABRIL DE 2015

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

As facturas presentadas foron conformadas pola Xefatura da Área de Fomento e a Xefatura do servizo de transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que “para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases “O” de recoñecemento da obriga ou “P” de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada.”

Non obstante, o Tesoureiro informa que: “(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producírase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)”.

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que “ (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)”.

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE MARZO DE 2015 por un importe total de

24.765,40 € e con cargo a partida 1330.2279907 (prestación de servizos parking praza de Portugal).

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA,

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaición a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo importe total de 24.765,40 € (ive engadido) correspondente a :

MARZO 2015 : importe 24.765,40 € (funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 19.320,40 €)"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(617).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O SOSTEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DURANTE O 2015. EXPTE. 5489/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03/03/15 e de fiscalización do 29/04/15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Turismo conformado polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda que di o seguinte:

"A Fundación Vigo Convention Bureau é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A Fundación ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da Fundación VCB se compoñen dos seguintes elementos :

- *Dotación inicial.*
- *As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirase por parte do Padroado.*
- *Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.*
- *Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.*
- *Os rendementos do seu patrimonio.*

- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e prestamos que lle sexan concedidos.

A Fundación VCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.

Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.

Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.

Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.

Promoción en feiras nacionais e internacionais.

Promoción da cidade como destino MICE

A Fundación VCB, consonte co previsto no artigo 5, aprobou na última reunión do padroado, o plan de traballo que reflicte como obxectivo conexo “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

A información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local é unha competencia propia do municipio, de conformidade co previsto no artigo 25.2 m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que reformula neses termos o Art. 25.2.h da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

Estas actuacións non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación non obrigatoria e, doutra banda, o carácter unitario e participativo da Fundación Vigo Convention Bureau respecto de todo o sector aconsella que a difusión e promoción do turismo MICE se realice a través deste ente no que participa o Concello de Vigo, polo devandito PROPONSE

1º.- Que se aprobe o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O SOSTENEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DURANTE 2015.

2º.- Que se autorice o gasto por importe de 95.000€ (Noventa e cinco mil euros), nos conceptos do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320-489.00.00 (Aportación ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau) do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, incluído neste importe total o primeiro pago a conta xa efectuado, por importe de 25.000€ (Vintecinco mil euros), polo que quedan pendentes de pago 70.000€ (Setenta mil euros).”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba al proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA O SOSTENEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DURANTE 2015.

REUNIDOS

Reunidos na casa do Concello de Vigo o día

Dunha parte D. Cayetano Rodríguez Escudero na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas.

Doutra parte D. Pablo David Cameselle Martínez, como Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, con CIF: G-27722883, con enderezo social na Praza do Rei S/n.

MANIFESTAN

I.- O Concello de Vigo prevé nominativamente no vixente orzamento a concesión dunha transferencia por importe de 95.000€ a favor da Fundación Vigo Convention Bureau.

En data 8 de xaneiro de 2015 a Fundación Vigo Convention Bureau (VCB), con NIF G27722883 presenta polo rexistro deste Concello, solicitude de pagamento do 1º prazo da transferencia nominativa anual a favor da Fundación VCB, por importe de 25.000€ e se realizou xa ese primeiro pago por importe de 25.000€, con cargo á partida 43204890000.

Consonte co disposto na lei de 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos seus artigos, 19.4 "se concederán de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos" e 26 "a resolución de concesión establecerá as condicións e compromisos aplicables de acordo co disposto en dita lei."

II.- O convenio de colaboración é o instrumento xeral utilizado para a tramitación das subvencións que figuran nominativamente nos orzamentos vixentes, polo que se procede a redactar este convenio para regulamentar a concesión de dita subvención.

III.- A Fundación ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

IV.- Segundo se xustifica documentalmente a Fundación VCB non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das transferencias obxecto da Lei de subvencións de Galicia e dispón das condicións esixibles para a súa concesión.

V.- A información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local é unha competencia propia do municipio, de conformidade co previsto no artigo 25.2 m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que reformula neses termos o Art. 25.2.h da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

VI.- Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da Fundación VCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.*
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirase por parte do Padroado.*
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.*
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.*
- Os rendementos do seu patrimonio.*
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.*
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.*

VII.- Que a Fundación VCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.

Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.

Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.

Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.

Promoción en feiras nacionais e internacionais.

Promoción da cidade como destino MICE

PACTOS

Primeiro.- A Fundación Vigo Convention Bureau, de aquí en diante a Beneficiaria, colaborará co Concello de Vigo mediante a execución do seu plan de traballo que se concreta nas seguintes accións:

–Preparación e asistencia a feiras e salóns especializados no Turismo, Turismo MICE.

–Organización de viaxes de familiarización (FAM TRIPS) con destino Vigo .

–Promoción de Vigo entre as compañías aéreas co obxecto de captar novas rutas para o aeroporto de Vigo.

–Desenvolvemento de accións para o fomento das rodaxes audiovisuais na cidade a través da marca Vigo Film Office.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a aboar á Beneficiaria a transferencia por importe de 95.000€, mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

- a) Primeiro pago de 25.000€, xa ingresado e xustificado de conformidade*
- b) Segundo pago de 45.000€, ingresado non máis tarde do 15 de xuño do 2015.*
- c) Terceiro pago de 25.000€, ingresado non máis tarde do 30 de Setembro do 2015.*

Terceiro.- Esta transferencia será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Conforme ao previsto no artigo 42 do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria habida conta das características e finalidades da Fundación e a súa vinculación co Concello de Vigo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da transferencia ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 20% do importe da actividade subvencionada. Se a actividade a subcontratar excede do 20% do importe da transferencia será necesario contrato por escrito e a autorización do Concello.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades ás que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada, mediante a publicación na súa paxina web e en canta publicación e obxecto de merchandisig produza ou publique.

Oitavo.- A presente transferencia se é necesario, terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- A beneficiaria, comprométese a presentar xustificacións parciais segundo o seguinte calendario:

- Primeira xustificación, non máis tarde do 15 de abril do 2015.*
- Segunda xustificación, non máis tarde do 15 de setembro do 2015.*
- Terceira xustificación, non máis tarde do 15 de decembro do 2015.*

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da transferencia procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da transferencia e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á transferencia recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola transferencia. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da transferencia procederá á devolución do orixinal.

En todo caso, a xustificación da subvención axustarase ao previsto na Base 38ª das de execución do orzamento, apartado 4.2. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 95.000 euros.

Xunto coa solicitude do cuarto e último pagamento á Fundación VCB terá que presentar ademais da memoria parcial de actividade e económica do período en cuestión, un informe final no que se xustifique o cumprimento das condicións previstas no presente convenio e se expoña de forma resumida, as distintas actividades desenvolvidas segundo o programa recollido no Anexo I.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da transferencia a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo do ano 2015.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000€ por execución de obra ou 12.000€ no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia será comprobada polos servizos da Concellería de Turismo. A xefatura do servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da transferencia ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, procederá o reintegro da transferencia na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da transferencia sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da transferencia a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1933, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da transferencia obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións prevista na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da transferencia obxecto da presente solicitude rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

*O Concelleiro delegado da Área
Industria, Turismo, Cultura e Festas*

Cayetano Rodríguez Escudero

*O xerente da Fundación Vigo
Convention Bureau*

Pablo David Cameselle Martínez

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(618).- CESIÓN GRATUÍTA DE 116 M2 PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DO TRAZADO NA RÚA SANTA MARINA. EXPTE. 73663/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 13/05/15, do xefe da área de Fomento conformado polo asesor xurídico de área e polo concelleiro-delegado da mesma que di o seguinte:

“Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 10/4/15, D. Francisco Javier Rodríguez Oliveira y D. Jonathan Rodríguez Oliveira, presenta escrito no que manifestan:

a).- Que son titulares do terreo lindante coa Avda. Santa Marina , con referencia catastral 9352104NG795S0001BR que o Concello pretende mellorar no seu trazado (Achegan copia do título de propiedade e un plano de detalle do mesmo).

b).- Que tras diversas reunións co representante da dirección facultativa das obras, chegouse por as dúas partes ao convencemento de que a mellora sería maior se como propietarios do terreo indicado cederan ao Concello a parte do mesmo que figura debidamente deslindada no mentado plano, e que supón un total de 116m2, para o ensanche da Rúa.

c).-Que con esta finalidade están dispostos a cedela ao Concello de forma gratuíta, baixo as seguintes condicións:

1ª.- Que sexa destinado ao uso público como parte do vial que se pretende mellorar, unha vez incluída no proxecto constructivo .

2ª.- Que o Concello execute a totalidade das obras que precise acometer no terreo que se cede, ao seu exclusivo cargo, sen posibilidade de repercutirles en todo ou en parte o seu custo, (incluíndo o acondicionamento e preparación do mesmo para o fin perseguido e, se fora preciso, a construción do muro necesario para conter as terras da parcela colindante na Rúa).

3ª.- Que o Concello de Vigo, unha vez aceptada a cesión, será o único responsable dos danos e prexuízos que por calquera motivo se ocasionen directa ou indirectamente a calquera persoa, cousa ou dereito, derivados das obras que se pretenden executar na parcela.

Por isto estará obrigado a indemnizar aos cedentes polos danos e prexuízos que, no seu caso, se lle puideran esixir por parte de terceiros, derivados das mesmas .

4ª.- Que a partir da aceptación da cesión do terreo polo Concello todos os gastos e tributos derivados da mesma así como da nova titularidade do terreo e dos elementos e accesorios que sobre o mesmo se instalen serán por conta e cargo do Concello como novo titular.

5ª.- Que se lle recoñeza o aproveitamento urbanístico da parcela que ceden, que quedará incorporado a aquela da que se segrega.

6ª.- Que a cesión quedará sen efecto senon se cumpren as anteriores condicións.

Con data 10-4-15, o técnico municipal do Servizo da Oficina de Seguimento de proxectos e Obras, D. Julio Carrasco Rodríguez, informa que a cesión satisface ao interese público xa que coa mesma vaise conseguir a finalidade que se persegue, representada pola mellora do trazado da Rúa.

En relación coa referida solicitude emítese o seguinte informe:

1º.- A normativa de aplicación é a seguinte:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- Real Decreto Lexislativo 3/2011. de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LPA)
- Código Civil (CC)

2º.- A oferta de cesión gratuita supón un acto de liberalidade dos propietarios, sen prexuízo da repercusión que a mellora do vial ao que se destina poda ter nos terreos colindantes.

3º.- En canto á natureza da cesión debe configurarse como unha doazón modal, xa que queda sometida a condición .

4º.- A oferta pode ser aceptada libremente por este Concello xa que ao ser gratuíta a cesión, o artigo 12.1 do RBEL establece que “non está sometida a restrición algunha”.

5º.- Por último, a competencia para aceptar a cesión correspóndelle á Xunta de Goberno Local de conformidade co previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Por isto proponse, á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a cesión gratuíta de parte do terreo sito na Avda. Santa Marina nº 233, dunha superficie de 116 m², tal como figura debidamente deslindado no plano de detalle incorporado ao expediente, que ofrecen este Concello os seus titulares D. Francisco Javier Rodríguez Oliveira y D. Jonathan Rodríguez Oliveira , con destino a mellora e ensanche do trazado da Avda. Santa Marina en Cabral e baixo as seguintes condicións:

A) Que sexa destinada ao uso público como parte do vial que se pretende acondicionar, unha vez incluída no proxecto xonstructivo.

B) Que o Concello execute a totalidade das obras que precise acometer no terreo que se cede, ao seu exclusivo cargo, sen posibilidade de repercutirlle en todo ou en parte o seu custo,

(incluíndo o acondicionamento e preparación do mesmo para o fin perseguido e, se fora preciso, a construción do muro de contención necesario para conter a terra da parcela colindantes coa que se cede para o uso público).

Por isto o Concello de Vigo, unha vez aceptada a cesión, será o único responsable dos danos e prexuízos que por calquera motivo se ocasionen directa ou indirectamente a calquera persoa, cousa ou dereito, derivados das obras ou do uso posterior do terreo que se cede.

Tamén estará obrigado a indemnizar aos cedentes polos danos e prexuízos que, no seu caso, se lle puideran esixir por parte de terceiros derivados da execución das obras ou do uso dos terreos que se ceden.

C) *Que todos os gastos e tributos derivados da cesión serán por conta do Concello de Vigo.*

Entre estos gastos se incluírán os notariáis e rexistráis e os de conservación e mantemento do terreo cedido e da totalidade dos elementos e accesorios que sobre o mesmo se instalen (mobiliario urbano, alumeado, sinalización, infraestructuras de servizos, etc.) .

D) *Que se lle recoñeza o aproveitamento urbanístico de parcela que ceden, que quedará incorporado a aquela da que se segrega.*

E) *Que a cesión quedará sen efecto se o Concello non cumprira as anteriores condicións.*

2º.- *Notificar o presente acordo ao cesionario outorgándolle os recursos contemplados na vixente lexislación.*

3º.- *Darlle traslado deste acordo ao Servizo de Patrimonio Municipal para que, tralos trámites oportunos, procedan a incluír a cesión no Inventario Municipal de Bens e Dereitos."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(619).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA DENTRO DA "CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN NON FORMAL E DA PARTICIPACIÓN DURANTE O ANO 2015". EXPTE. 4432/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05/05/2015, da xefa do servizo de Xuventude conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

Con motivo da "Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015" da Consellería de Trabaño e Benestar da Xunta de Galicia, na Orde do 30 de marzo de 2015; dende esta Concellería presentamos unha solicitude de subvención para a creación dunha ferramenta online de xestión da participación nos programas de dinamización xuvenil dos servizos de información xuvenil.

Os obxectivos da proposta:

- *Facilitar ao máximo a participación xuvenil nos programas de actividades de dinamización xuvenil desta Concellería a través dun sistema de inscrición online rápido, accesible e universal.*
- *Fomentar a participación da mocidade viguesa en accións de interese, promovendo a creación de novos canles de colaboración entre as institucións e a mocidade.*
- *Mellorar o deseño dos futuros programas de actividades de dinamización xuvenil ao coñecer con máis detalle e contido o perfil dos e das usuarios/as e as súas demandas.*
- *Favorecer o uso do galego a través das institucións e na súa relación diaria coa cidadanía.*
- *Garantir a igualdade de dereitos facilitando novos recursos para acceder a información de interese xuvenil e o acceso as actividades programadas dende a Concellería.*

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local:

“1. Aprobar a solicitude de subvención á Xunta de Galicia que se achega, dentro da “Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015” da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (Orde do 30 de marzo de 2015) por un importe total: 14.740€ (Subvención solicitada do 75%: 11.055€. Concellería de Xuventude. 25%: 3.685€)

2. Que se faculte a Dna. María Jesús Lago Rey, como Concelleira Delegada da Área de Xuventude para representar ao Concello de Vigo na presentación da presente solicitude de subvención.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(620).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.